

O alcalde de Sarria fai balance dos últimos anos de xestión á fronte do Concello

O rexedor da vila de Sarria, Claudio Garrido, fai balance da súa lexislatura e acompaña dunha reflexión da situación económica do Concello, das melloras en camiños municipais, a bonificación do IBI gandeiro para axudar a asentar de novo o sector e promover a súa recuperación ou os cambios no alumeado para reducir o gasto enerxético. Así mesmo, fala sobre a política social e as melloras nos programas de conciliación laboral e familiar para a veciñanza e o servizo de madrugadores. Por outra banda fala do seu ambicioso proxecto cultural para a vila. **Pax. 6-7**

Chega a maxia do Nadal

A comarca de Sarria prepárase para a chegada das festas cos alumeados colocados e funcionando e co programa pendente da evolución da covid



Chega decembro e con el unha das tempadas máis tradicionais, nas que se engalanan todas as cidades e as rúas con alumeados do máis diverso. Esta época tamén conta con variadas actividades para nenos e maiores, organizadas polas diferentes asociacións e concellos, así como a tradicional Cabalgata de Reis, que en Sarria será o vindeiro 5 de xaneiro e en Paradelo o día 6, sempre e cando o permita a evolución da pandemia de covid. No resto de concellos haberá concertos, contacontos e chocolatadas para facer desta época de inverno o máis divertida posible. **Pax. 2-3**

sarria. Licitan o servizo de xestión das piscinas municipais. **Pax. 8**

láncara. O orzamento municipal será de 2,3 millóns de euros no 2022. **Pax. 12**

o incio. O Concello convoca axudas dirixidas ao sector hostaleiro. **Pax. 14**

paradela. Falamos coa presidenta das Mulleres Rurais de Paradelo. **Pax. 16**

páramo. O Concello súmase ao Pacto de Alcaldes Polo Clima. **Pax. 16**

samos. O Concello instala novas pasarelas para cruzar o río. **Pax. 18**

triacastela. 603.000 euros para a rehabilitación do núcleo da Balsa. **Pax. 18**

Unha exposición sobre arte postal



A curiosa mostra estará na antiga Prisión Preventiva. **Pax. 5**

Entrevista a Antonio Rigueiro



É presidente da Asociación Forestal de Galicia. **Pax. 15**

Falamos con Rubén Bergantiños



Actual adestrador e ex xogador do Paradelo. **Pax. 22**

O Pleno aproba un orzamento de 100 millóns de euros

O Pleno da Deputación aprobou o orzamento para o vindeiro ano 2022, uns presupostos pensados para seguir mellorando e ampliando os servizos públicos, sobre todo no rural, e continuar apoiando

a recuperación económica da provincia en colaboración cos concellos e co tecido social e económico. Para elo reforzaron as catro grandes liñas de actuacións marcadas dende o inicio do mandato. **Pax. 21**

GASOLEOS RUXIDOIRA S.L.
Distribución a Domicilio: Automoción, Agrícola y Calefacción

SERVIMOS EN 24/48 HORAS
Tfno. para pedidos 982 541 308
Móvil: 679 489 663
info@ruxidoira.es
Ctra. Pacios a Treboelle s/n Paradelo

A FONDO



As artistas do grupo Rilo&Penadique, á esquerda, e a banda municipal de Sarria, á dereita. As dúas serán actividades previstas na programación de Nadal da comarca

Concertos, teatro, pista de xeo e máis actividades na comarca para este Nadal

A época de nadal é, probablemente, unha das datas máis esperadas polos nenos durante todo o ano. En primeiro lugar porque están de vacacións e non teñen que acudir ao colexio ou instituto. En segundo, porque seguramente reciban agasallos e, para finalizar, son moitos os nenos e nenas que nestas datas se reúnen con familiares e amigos para pasar un bo rato.

Este ano as vacacións de Nadal darán comezo o 22 de decembro e estenderanse ata o 10 de xaneiro, día no que retomarán a actividade escolar. Aquí propoñémosvos unha serie de plans de Nadal e de disfrute ao aire libre para facer durante estes días de descanso.

Durante os últimos anos son moitos os concellos que organizan e programan actividades para ofrecer

entretenemento e maneiras de pasalo ben aos rapaces da zona intentando que saian da casa e deixen a un lado as novas tecnoloxías coas que andan absortos. Ademais, este tipo de actividades e iniciativas axudan a fomentar o comercio local, consumir en negocios de proximidade e ademais é unha forma de promover e apoiar aos emprendedores da zona.

POR CONCELLOS

No Concello de **Sarria** retómase a actividade que xa tivo lugar noutras ocasións, O Lotón. Esta campaña está organizada pola Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria na que as persoas que fagan compras en comercios do Concello de Sarria entre os días 15 e 31 de decembro

participarán nun sorteo de 1000 euros para gastar nos negocios da zona. Este tipo de actividades fomentan a compra nos negocios locais. Ademais, os establecementos asociados poderán participar no concurso de escaparates un ano máis. Para elo, deberán subir unha fotografía ás redes sociais e resultará gañador aquel establecemento que conteña máis Gústame na publicación. Este tipo de actividades teñen como obxectivo a posta en valor dos negocios locais promovendo a súa creatividade e incrementando o espírito de nadal que axuda a proporcionar un ambiente de festividade maior na zona.

Unha actividade que mestura o incentivo do comercio local e a diversión dos nenos e non tan nenos é a pista de xeo que se colocará na praza do Concello. Esta, abrirase dende o

día 22 de decembro ata o 9 de xaneiro. Estará amenizada con música creando un ambiente festivo propio destas datas. Para poder patinar nela tan só haberá que presentar un ticket de compra dun comercio de Sarria, desta forma seguirase apoiando os negocios locais e promovendo o xogo ao aire libre, as reunións cos veciños e a xuntanza de amigos. Nestas datas tamén haberá concertos e actuacións coas corais e a banda municipal de música.

Xa en xaneiro, o día 5 terá lugar a Cabalgata de Reis para os nenos do Concello que terán a oportunidade de ver as súas maxestades a tarde que precede á noite máis especial do ano para eles.

No concello de **Paradela** comezará a programación de Nadal cun concerto da banda de música de Paradela,

esta actuación terá lugar o día 19 de decembro e, ao rematar, haberá unha merenda de chocolate con churros para todos os asistentes. Con este tipo de actividades estase a buscar un momento no que facer parroquia e actividades coa veciñanza.

Despois do éxito que tivo a cabalgata do ano pasado achegando a ilusión e a maxia do Nadal as casas do Concello, a Asociación de Mulleres Rurais de Paradela en colaboración co Concello e coa anpa levarán a cabo unha cabalgata máis próxima e similar ás anteriores da pandemia. Esta cabalgata de Reis polas rúas da vila terá lugar o día 6 de xaneiro para evitar coincidir coa de Sarria e que todos os nenos poidan disfrutar por partida dobre. O acto dará comezo ás 17.30 horas e despois de pasear por

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L

NEGOCIOS

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACIÓN - FRIO INDUSTRIAL
ENERGÍAS RENOVABLES - CALEFACCIÓN

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA BIOMASA

Rúa das Mercadorias, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com



Arriba, alumeado en Triacastela e, abaixo, a asociación de Paradela

Paradela visitarán a Residencia de Maiores para entregarlles aos avós un roscón de Reis. A continuación farase a entrega dos agasallos aos nenos que tamén poderán realizar fotografías coas Súas Maxestades os Reis de Oriente.

O Concello de **Samos** estreou durante os últimos días unha ornamentación sinxela para ambientar as rúas da vila. En canto a actividades o concello non ten nada especial preparado. O inverno é un período de tempo no que non hai moito turista, nin visitante, nin peregrino polo que non hai movemento na vila para realizar actos ou espectáculos. Ademais, procuran ser prudentes coas novas restricións da covid-19 e non contribuír a súa propagación.

En **Triacastela** estrearon o alumeado e, o día 26 de decembro, contarán cunha obra de teatro. Esta será un contacontos musicado de nadal

do programa FalaRedes de Cultura Activa. A obra corre a cargo de Rilo&Penadique. Elas narran, cantan e musican contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nados desde ser. Encárganse de fusionar o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para todo tipo de públicos familiares. Sonsosles Penadique é a que leva a parte musical e Vero Rilo a narración oral.

FalaRedes é un programa de dinamización da lingua galega que achega aos concellos e entidades adscritas á Rede de Dinamización Lingüística da Xunta con máis de 180 pases e 30 actividades.

Os concellos de **O Incio, Láncara e O Páramo** están acabando de concretar as actividades que se van a levar a cabo.

A actualización da programación dos concellos da comarca pode seguirse en www.sarriaxa.com.

Plans alternativos de turismo

Outras alternativas para disfrutar da comarca e do tempo libre en familia neste tempo de Nadal son as rutas, os paseos e as camiñadas por diferentes sendas e contornas ademais das visitas aos puntos turísticos máis importantes da zona. En Sarria pódese visitar a Escaleira da Fonte que é a máis famosa da vila, tamén coñecida como Escaleira Maior. Subindo por ela chégase directamente á zona histórica de Sarria. Outro punto de interese pode ser a Igrexa de Santa Mariña, que conta cunha torre en forma de pirámide rematada cunha agulla que se pode distinguir dende a devandita Escaleira Maior. A Igrexa de San Salvador de Sarria é un pequeno templo do século XIII situado ao lado dos restos da Torre da Fortaleza que tamén é digno de visitar. O Miradoiro do cárcere é un miradoiro con cruceiro onde se poden observar unhas boas vistas da vila e da Vega de Sarria. Está localizado ao lado da antiga cárcere. Outro elemento a visitar é a Torre Fortaleza, restos da antiga fortaleza localizados na parte máis alta de Sarria á que se pode subir pola escaleira para gozar das vistas que ofrece da vila. Un dos edificios máis emblemáticos da vila que se pode visitar durante estes días de vacacións é o Mosteiro da Magdalena no que destaca a súa igrexa con fachada plateresca e o seu claustro gótico. Na zona do Concello de Paradelo pódese visitar a Ermida de Penaredonda, unha sinxela construción datada de 1798 que podería estar levantada sobre un castro no Monte da Trapa. Neste lugar hai constancia de minas romanas de ferro e existe unha cova con numerosas estalactitas.

Os veciños da zona do Páramo poden aproveitar estas datas para visitar a ponte medieval de Nei-



ra que atravesa o río do mesmo nome. Non moi lonxe de aí, atópase Vilarmosteiro, onde se poden ver os pendellos que hai no campo da festa. Outros puntos de interese da arquitectura relixiosa son as igrexas de San Xoán Friolfe, San Salvador Vileiriz, Santa Mariña de Adai, Santo Estevo de Grallás, Santiago de Saa ou a Igrexa de Piñeiro. A ponte de Carracedo de Láncara é unha ponte de cantería granítica do ano XVI feita con materiais e base romanos que hai que visitar. Tamén se pode aproveitar para ver o Pazo de Láncara unha construción que sufriu unha gran reforma no século XVIII. Este concello conserva bastantes igrexas románicas en Muro, Neira de Cabaleiros, Oleiros, Toirán e Bande entre outras aínda que destaca a de Monseiro coa súa porta principal, a pila de auga bendita e o retablo maior de estilo barroco.

Unha boa visita para toda a familia no concello de Samos é o Real Mosteiro de San Julián, unha abadía beneditina fundada no século VI, trátase do mosteiro habitado máis antigo de España e un dos tres únicos que quedan en Galicia con monxes. Para aproveitar da natureza que rodea a vila pódese seguir a Ruta Fluvial que conta con 3 quilómetros de lonxitude que nace

xunto ao muíño Bizarro e finaliza na ponte de Bao.

Para facer unha visita turística na contorna de Triacastela pódese visitar a Igrexa de Santiago e o mosaico. A igrexa fusiona unha parte de estilo barroco cun ábsida románico. Outra alternativa sería pasear polo Camiño Suavila un paseo fluvial ao carón da beira do Río Oribio entre casas baixas e hortas que transmiten paz. Seguindo o camiño atópase o Palomar unha das construcións máis características da vila con planta circular e unha cuberta cónica de lousa.

No Incio pódese realizar unha parada na Igrexa San Pedro Fiz de Hospital un templo único en Galicia debido ao material de construción, levantada en mármore azulado propio da zona e extraído dunha canteira próxima. Tamén se pode realizar a ruta por Vilasouto, unha senda chá e moi sinxela de facer con nenos por unha contorna natural excelente que ademais conta con sinalización das variedades arbóreas polo que será unha excursión didáctica. Unha senda acondicionada con mesas, zonas de descanso e praia fluvial que se disfruta moito sobre todo en outono xa que esta estación ofrece un paisaxe moi colorido grazas aos castaños, carballos e álamos.

REPRESENTACIONES CABARCOS

TODO EN ALIMENTACIÓN

Refrigerados y Congelados

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com

Xa se pode visitar a exposición de Mail Art en Sarria

Xa se pode desfrutar na Antiga Prisión Preventiva, Oficina Municipal de Turismo de Sarria, da exposición de Mail Art do Camiño de Santiago.

A exposición estará ata o día 17 de decembro e pódese visitar dende as 9.00 ata as 14.00 horas.

MAIL ART. O mail art ou arte postal é unha forma de expresión artística que consiste na total liberdade de intercambio de calquera documento ou obxecto artístico que poida circular a través dos servizos postais e que ten como único obxectivo a comunicación. Correos pretende poñer en valor as obras de arte postal e difundir no noso país esta corrente artística internacional nada nos anos 50 para establecer correntes de comunicación alternativas aos circuitos oficiais de arte.

Remata o asfaltado da rúa Calvo Sotelo

O Concello de Sarria procedeu ao asfaltado da rúa Calvo Sotelo entre o cruzamento da Cigüñeira ata a rotonda da saída cara a Samos.

A Policía Local elaborou un plan de circulación para cortar vías principais e proceder á colocación de indicadores de dirección, así como de sinais obrigatorios para facilitar os percorridos dentro do centro urbano.

O Concello e a Policía Local mantiveron o acceso á zona en obras restrinxido pero agora, unha vez finalizado, xa está aberto.

O Concello procederá ao pintado dun tramo da vía cando mellores as condicións meteorolóxicas pero a circulación manterase sen cambios.



Dúas imaxes dos traballos realizados a prol da cultura ecolóxica



Estudantes pola solidariedade

O IES Xograr Afonso Gómez promove a cultura ecolóxica e conmemora o Día das Persoas con discapacidade a través de dúas xornadas nas que participou a maior parte do alumnado

O instituto Sarrián IES Xograr Afonso Gómez ten en marcha durante este curso numerosos proxectos para promover a cultura ecolóxica e o coidado do Medio Ambiente.

Ademais de dar continuidade á Campaña de mobilidade sostible iniciada o curso pasado e de manter os seus xa tradicionais concursos de aulas limpas e sostibles, este ano pasa a formar parte da primeira plataforma de sustentabilidade e redución de impacto ambiental para centros educativos, a "Xeración ECO". Así cada mes e durante todo o curso, os membros da comunidade educativa poderán participar en retos sostibles. O primeiro reto "Un material que dá medo" segue vixente xa que durante o Halloween, expúxose unha colección de mosaicos con envoltorios de doces, realizáronse monstros con materiais de plástico reciclados, convocouse un concurso de microrrelatos de terror con temática ambiental, realizáronse diferentes exposicións (tanto na biblioteca como

no Hall de entrada) e o alumnado de bacharelato fará un traballo de investigación sobre a contaminación por microplásticos no río de Sarria. Tamén se realizou un "Truco ou Trato" no que o alumnado de primeiro da ESO que entregou tapóns recibiu a cambio gominolas. Eses tapóns utilizaranse para decorar as aulas nos días previos ao Nadal e posteriormente serán doados para unha causa solidaria.

DISCAPACIDADE. Descubrindo capacidades, adestrando habilidades é o nome da actividade que se desenvolveu no IES Xograr Afonso Gómez co motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

Un ano máis, como cada 3 de decembro, o Xograr conmemora o Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Nesta ocasión descubriron as habilidades que as persoas con diversidade funcional deben poñer en práctica no seu día a día, na procura da súa autonomía persoal.

Así, entre outras actividades,



Unha das actividades no Día da Discapacidade

xogaron ó xadrez en ausencia de visión, puxeron a proba a orientación, memoria e atención, vestíronse e comeron cunha soa man, pintaron cos pés e desprazáronse con cadeira de rodas e coa axuda de diferentes bastóns. A maiores puideron experimentar distintos deportes adaptados como Boccia, baloncesto en cadeira de rodas, escalada a cegas e Goalball. Unha mañá chea de reflexións sobre o dereito a igualdade de oportunidades das

persoas con discapacidade e o importante papel que no mesmo desempeñan as adaptacións e a accesibilidade.

Trátase dunha proposta de diferentes departamentos didácticos, con especial implicación do alumnado do Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do centro, e coa colaboración da ONCE, COGAMI e a Cruz Vermella de Sarria no préstamo de materiais empregados.



Desexámoslles
un Bo Nadal!



Concello de
Triacastela

A biblioteca pública terá unha sala infantil antes de Nadal

Antes de que de comezo o Nadal, a biblioteca pública de Sarria Camilo Gonsar contará cunha nova zona de lectura e xogos. Estas novas dependencias localizaranse no vestíbulo da casa da cultura, este espazo ata o momento utilizábase para exposicións.

A remodelación corre a cargo do Concello que está a traballar nesta nova sala que contará cun mapamundi, alfombras de xogos, libros adaptados ás diferentes idades. Esta nova sala infantil permitirá incrementar o espazo de almacenamento e consulta da biblioteca mellorando o servizo e o acceso á cultura dos veciños da zona.

Esta mellora súmase á xa reali-



Biblioteca de Sarria

zada no ano anterior na sala de estudos da planta baixa que na actualidade conta con capacidade para 50 persoas.

Entre os novos proxectos de mellora da Casa da Cultura está o de construír na planta baixa unha sala de reunións.

O Grupo Xacobeo Sarria organiza unha nova excursión a Portugal

O Grupo Xacobeo Sarria organiza unha nova excursión a Portugal. Nesta ocasión o Grupo Xacobeo levará aos veciños ata Braga e ao Belén Vivente de Priscos.

A excursión realizarase o día 12 de decembro e pode consultarse se hai prazas vacantes. O prezo é de 45 euros e inclúe desprazamento, xantar, entrada ao Belén e seguros.

Pola mañá visitarase a cidade de Braga, coñecida como a Roma portuguesa, para o disfrute da súa riqueza monumental e da decoración de nadal.

Pola tarde haberá unha visita ao Belén vivente máis grande de Europa, o Presepio de Priscos.



Debido á situación actual é obrigatorio levar o Certificado covid para a visita.

Gran éxito do Tapicheo con 17 establecementos participantes

Os 17 establecementos que participaron na décimo cuarta edición do concurso de tapas Tapicheo 2021 de Sarria deron fin a esta celebración despois de catro días moi intensos no que algún establecemento chegou a acabar as tapas, grazas ao éxito desta iniciativa.

Foron moitos os sarriaos que se achegaron aos establecementos participantes para dar proba as diferentes propostas e poder entrar así no sorteo dos premios. No sorteo participan aqueles clientes que teñen cumprimentada a tarxeta

de votación con mínimo 10 establecementos en total (dous por ruta ou cor). As persoas que teñan os 17 establecementos cubertos participarán no sorteo da viaxe.

Os establecementos participantes foron Adarve, Camping, Contrapunto, Alfonso IX, Casino, O Chanto, Dp Cristal, El Parisien, D'Orixen, Don Pepe, Central, Xarope, Next, Santiago, Roberto, O Chanto, A Travesía dos Soños e 8 Mm. Algúns deles con tapa infantil.

Coa finalización da ponte festiva, rematou tamén o prazo de

votación. A partir de aí farase un recuento e saíran 6 establecementos finalistas aos que acudirá o xurado profesional para probar as tapas e elixir os gañadores.

O Tapicheo de Sarria é unha iniciativa que fomenta o consumo nos negocios locais, moitos son os veciños que despois de probar a tapa quedaba no negocio para cear, axudando así á recuperación do sector que se viu moi afectado durante os últimos meses. Todos os anos conleva unha gran afluencia de público.

Abre un novo servizo de conciliación durante as festas de Nadal

O día 8 de decembro abriu a inscrición para solicitar un servizo de conciliación laboral e familiar durante as datas nas que se celebra o Nadal. O día máximo para solicitar o servizo será o día 14 de decembro.

A solicitude realizarase a través das anpas dos centros, na secretaría dos colexios Frei Luís de Granada, Xela Arias e Antonio Fernández. Tamén se poderá facer no rexistro municipal.

O servizo será para os días das vacacións de Nadal, que se alongarán entre o 22 e o 24, do 27 ao 31 e durante os días 3, 4, 5, 6 e 7 de xaneiro. As actividades realizaranse no horario de 7.30 a 9.00 horas, de 9.00 a 14.00 horas e de 14.00 a 15.30 horas.

Este tipo de servizos está dirixido a aquelas familias que non son capaces de compatibilizar os horarios laborais co cuidado dos nenos.

Bo Nadal!

Muebles Celeiro

Veña visitar a nosa exposición

30 ANOS O SEU SERVIZO"

Vilapedre 27614 (Crta. Lu546, km16) Sarria - Lugo / Tel.: 982 532 451 - 625 662 962

www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

BUSCAS INTERNET DE ALTA VELOCIDADE EN SARRIA?

its

INTERNET, FIXO, MÓBIL E TV DENDE GALICIA PARA GALICIA

www.its.gal | 982 093 000

Garrido fai un balance da lexislatura

O alcalde recoñece que aínda non está satisfeito coas reformas e márcase o 2022 como meta para cumprir as súas expectativas

“Os últimos anos supuxeron un gran avance para o Concello de Sarria”. Así resume o alcalde da localidade, Claudio Garrido, os últimos anos de xestión municipal. “Esta localidade vén de sufrir cambios para mellorar a convivencia dos seus veciños e cidadáns a través de servizos e infraestruturas que facilitan e acomodan a vida dos sarriaos”, indica.

O alcalde, Claudio Garrido afirma que a vila contaba na súa chegada cunha serie de deterioros nos servizos e infraestruturas “providos da paralización das inversións durante os gobernos anteriores. Isto supoñía un impedimento para o crecemento do Concello e a comodidade dos seus veciños”. Resalta Garrido a escaseza de obras adxudicadas e que as poucas que se aceptaban supoñían un fracaso na súa execución.

A chegada ao poder do actual alcalde “foi todo un reto á hora de poñer en orde os servizos do Concello”, afirma. Destaca entre as súas intervencións a actuación na Rúa Diego Pazos, “facendo un vial transitábel e seguro para os cidadáns. Esta rúa que articula o sector comercial de Sarria precisaba unha remodelación que nos anos anteriores quedou paralizada debido á falta de xestión”. Outra das iniciativas máis importantes para o Concello foi a construción de máis de 400 nichos cos que afirman que quería “poñer fin á lista de espera dos veciños que dende o ano 2010 non contaban con sepulcros libres para os seus familiares e seres queridos no cemiterio”. A lista de agarda chegou a alcanzar os 320. “Isto supón unha maior tranquilidade para os sarriaos que poden ter aos seus seres queridos preto deles garantindo un servizo esencial”, engade Garrido quen asegura que na actualidade, ningún cidadán da zona de Sarria está á espera de atopar lugar onde dar sepultura á súa xente. Ademais, durante este ano púxose en funcionamento a piscina climatizada, unha infraestrutura que se construíu no ano 2012 e non se puxo en marcha ata este 2021. Para levar a cabo a apertura desta infraestrutura foi necesario cambiar as caldeiras

“A remodelación e limpeza das pistas e rúas principais reflicte o compromiso que temos para garantir unhas condicións dignas e seguras para os cidadáns”



Grupo electoral Camiña Sarria, que está á fronte do Concello

e un traballo de recuperación nos paneis de cristal que sufriron do vandalismo e abandono durante os 9 anos de paralización. Este non foi o único centro deportivo no que se investiu, indica. Tamén se restauraron cubertas, alumeado e outro elementos en moitos pavillóns municipais “de nestas infraestruturas que promoven a realización de exercicio e a vida saudable entre os veciños”.

CAMIÑOS. “O deterioro dos camiños, pistas e estradas de titularidade municipal foi outro dos problemas herdados dos anos anteriores”, afirma e engade que nestas calzadas eran “case inexistentes” os labores de roce, saneamento e parcheamento de fochancas. Polo tanto, “falar de crear unha estratexia de actuación foi un esforzo titánico de moita planificación e inversión. Para resolver este problema houbo unha potenciación nas campañas de parcheamento por todo o termo municipal, creouse unha cuadrilla con material e maquinaria para dar dignidade e seguridade a estas pistas”, indica. Claudio Garrido recoñece que aínda non está satisfeito ao 100% e entre as novas actuacións de cara ao 2022 destaca os asfaltados en aglomerado en quente “que ofrece maior calidade e duración das pistas”.

“A remodelación e limpeza das pistas e rúas principais de Sarria reflicte o compromiso que temos para garantir unhas condicións dignas e seguras para os cidadáns”, explica o alcalde. Durante este tempo, tamén se marcou como obxectivo “mellorar as condicións dun sector moi importante na comarca de Sarria”.

IBI. Dende o Goberno central impúxose o cobro dun novo imposto aos gandeiros e agricultores, o IBI. Sarria é un municipio gandeiro polo

tanto, isto supuxo unha repercusión no rural local onde se atopan máis de 1000 explotacións agrícolas. Dende o Concello mostraron a súa preocupación e “tomamos a iniciativa de bonificar o 95% do IBI gandeiro axudando a asentarse de novo o sector gandeiro e promovendo a recuperación do mesmo no Concello”. Durante este tempo afirman tamén que se relanzou a participación do Concello no Eixo Atlántico restablecendo as relacións con Portugal.

CAMIÑO DE SANTIAGO. Garrido defende tamén que o Camiño de Santiago supón un gran impulso económico e turístico para a zona de Sarria.

Por iso, marcáronse o obxectivo de por en valor de novo a Ponte Ribeira, unha ponte pola que os peregrinos acceden á vila no seu camiño a Santiago pola ruta francesa. Esta ponte pechou ao seu tránsito no ano 2014 e durante este ano “pelexamos coa Xunta e o PP ata que conseguimos establecer unha plataforma provisional por onde pasarán os peregrinos e un vial para que circulen os coches e os autobuses mentres que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que é a que se comprometeu publicamente a financiar e redactar a obra de rehabilitación da ponte, leva a cabo o proxecto”. Nestes días finalizouse a estrutura de ferro e en xaneiro



Arriba, o alcalde Claudio Garrido e, abaixo, o campo da Ribela



A piscina climatizada construíuse no ano 2012

ro afirman que estará funcionando. “sendo este un fito para o Camiño”. Na obra de rehabilitación da ponte tamén se adxudicaron 20.000 euros para mellorar a contorna da mesma, “o que supón unha renovación de cara ao patrimonio cultural do Concello e un impulso turístico de gran valor”, explica o mandatario.

MEDIO AMBIENTE. Entre as actuacións de Claudio Garrido durante este ano e medio de mandato, destaca a tentativa de entrar no pacto polo clima e a enerxía sostible. “O sistema de alumeadado público e xestión enerxética do Concello estaba obsoleto e anticuado”, polo que se fixaron como fin a descarbonización de Sarria antes do 2030. Para iso, os 5.900 farois de luz “que non cumprían as normativas e producían un gasto enerxético excesivo” foron cambiados por luces LED. Ademais, tamén se modificaron 360 puntos de control dos 390 totais “xa que precisaban dunha actualización para deixar de supor un risco para os cidadáns”. Este proceso de transformación enerxética estímase que supón un aforro para o Concello de 140.000 euros xa que no 2019 tiña un gasto de combustible de 790.000 euros que se viu reducido grazas a estes cambios a 650.000 euros.

POLÍTICA SOCIAL. No eido da política social, Garrido explica que se mellorou o programa de conciliación laboral e familiar dos veciños. O Concello xa contaba cun programa de madrugadores durante o calendario escolar. Durante estes últimos anos, este programa viuse ampliado con máis actividades “co fin de garantir os dereitos das persoas e a calidade do servizo ao longo de todo o ano”, di Garrido. Neste campo, tamén se iniciou unha agrupación cos demais concellos da comarca de Sarria para ofrecer Atención Temperá aos nenos de 0 a 6 anos con necesidades especiais. Este tipo de actividades supoñen a estimulación precoz co obxectivo de dar resposta o máis pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastornos no seu desenvolvemento ou aqueles que teñen risco de padecelos. “Con este tipo de servizos estase a garantir unha mellora na calidade de vida dos nenos da comarca”, afirma o alcalde.

RESIDENCIA. Sarria é un dos únicos concellos que ten unha residencia para a terceira idade de carácter municipal financiada ao 100% polo goberno local sen ningunha axuda. “A residencia contaba cun déficit de 400.000 euros debido á mala xestión da mesma por parte dos gobernos anteriores”, di o alcalde. O goberno de Claudio Garrido di que está a loitar polo recoñecemento en igualdade e equidade dos usuarios e que todos os cidadáns teñan dereito a unha praza na residencia independentemente da súa situación económica. Por iso, recentemente presen-

touse unha proposta á Deputación. En canto a situación pandémica, o Concello viu necesario a axuda ao sector hostaleiro, un dos máis afectados durante os últimos meses. Para apoiar a estes comercios o alcalde comprendeu “que había maior necesidade en traballar que unha simple achega económica”. Desta forma suprimiu a ordenanza de terrazas posibilitando que en espazos de aparcadoiro se puideran instalar mesas para ampliar o aforo dos locais e poder ofrecer maior servizo. Esta medida prolongarase durante o 2022 para fomentar a recuperación dos locais hostaleiros e promover o tecido económico da vila.

ECONOMÍA. “Un dos maiores problemas aos que se tivo que enfrontar o goberno na súa chegada ao Concello foi a situación económica dos servizos básicos dependentes das ordenanzas municipais”, explica Garrido, afirmando que o sistema de recollida de lixo, a escola de música, ou o matadoiro, son algúns dos que, “por falta de responsabilidade política”, levaban dende o ano 2010 sin modificarse, de feito, a maioría deles tiñan o IPC sen actualizar. “O abandono foi tal que os servizos que tiñan que autofinanciarse de maneira independente, non son capaces de facelo e xeran déficit”, engade Garrido que afirma tamén que a recollida de lixo ten un déficit de 450.000 euros, o servizo de abastecemento e saneamento da auga de entre 200.000 e 300.000 euros, e o matadoiro comarcal de xestión municipal ten falta de actualización das tarifas de 170.000-180.000 euros. En total, “o Concello suma preto de 1,5 millóns de euros de déficit o que dificulta a creación de orzamentos con partidas novas xa que os cartos que se recadan para a xestión destes ser-

vizos non chegan para cubrir o custe real dos mesmos”, di o alcalde. Outra dificultade á hora de realizar novos orzamentos foi a regra de gasto que impedía que os concellos gastaran por riba dunha cifra concreta, desta forma se non aumentan os ingresos e sí aumentan os gastos, xérase un desequilibrio. Sobre isto el alcalde indica que a principios do vindeiro ano presentarase o orzamento que se está a planificar, no que se superan os 12 millóns de euros sen ningún tipo de xestión financeira, tan só recursos propios. De cara ao 2022 algúns dos proxectos que o Concello ten á vista son o do aglomerado en vías fundamentais do Concello como poden ser a que vai dende Oural ata Villamor, a que vai de Ferreiros a Corbelle, a área de Maside, o Barrio de Andión de Sarria, etc. En canto aos funcionarios do Concello, avanza que estase a redactar unha relación de postos de traballo e catalogación que valore economicamente o cargo e funcións de cada un deles. Claudio Garrido destaca “o compromiso de cada un dos funcionarios” que forman o cadro de persoal do Concello xa que durante estes meses de pandemia ningún sector nin servizo tivo que interromper a súa actividade.

CULTURA. O mundo cultural de Sarria tamén sufrirá un cambio ao longo do ano que vén, segundo avanza o alcalde. Un dos proxectos máis ambiciosos enmárcase na promoción e difusión da cultura da zona. A Casa da Cultura xa tivo varias remodelacións durante este ano no que se acondicionaron diferentes espazos para facilitar o acceso á cultura dos seus cidadáns. Por iso, se acondicionou unha sala infantil adaptada e outra como sala

de estudos, etc. “Malia que a Casa da cultura está moi ben, o auditorio do que dispón apenas cubre 100 prazas, unha cantidade insuficiente para o total dos cidadáns”, di Garrido. Neste ano, o Concello adquiriu, “grazas á herdanza de José Vento”, a nave Feculera. Nesta, preténdese realizar unha obra para crear unha zona na que a cultura e o ocio se poidan desenvolver de maneira cómoda e sinxela. Está entre os futuros proxectos está facer un auditorio “coa capacidade e o prestixio necesario para facer cultura na vila”. Tamén se quere planificar nesta localización a creación dun espazo e aulas para que as asociacións e os grupos culturais de Sarria poidan desenvolver as súas actividades, promovéndoas e dándolles difusión. Esta nave conta con 7800 metros “que servirán para o crecemento cultural e enriquecemento da zona”, di o alcalde. Ademais, “cabe destacar que o crecemento comercial de Sarria foi cara o lado contrario da vila polo que a planificación nesta localización serviría para equilibrar e darlle vida a outra localización de Sarria. Deste proxecto, destaca a inexistente axuda por parte das Administracións provinciais”, conclúe Garrido.

Entre os futuros proxectos, o Goberno está a levar a cabo un auditorio “coa capacidade e o prestixio necesario para facer cultura na vila”



O Goberno local está inmerso en proxectos moi ambiciosos como a promoción e difusión da cultura coa creación dun novo espazo na nave Feculera, a posta en valor da Ponte Ribeira, a mellora de estradas e o recoñecemento en igualdade e equidade dos usuarios da residencia para a terceira idade

Inician as obras da fachada e da planta baixa da oficina agraria

A Consellería do Medio Rural iniciou as obras de mellora na Oficina Agraria Comarcal de Sarria, nas que inviste 48.400 euros para actuar principalmente na fachada e na planta baixa, onde está a zona de atención ao público.

Os traballos, que comezaron a principios desta semana, favorecerán a accesibilidade mediante a ampliación da rampla de entrada para adecuala á normativa actual e inclúen a instalación de portas de apertura automática.

Co fin de mellorar a eficiencia enerxética actuarase na envolvente térmica; substituiranse carpinterías exteriores e dotarase a planta baixa dun sistema de ventilación. Tamén se reforzará a instalación eléctrica, entre outros traballos.

O proxecto enmárcase no Plan integral de reestruturación e optimización das Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) iniciado pola Xunta, que inclúe tanto

actuacións de optimización de tipo organizativo e funcional como de mellora das infraestruturas.

OFICINA AGRARIA MÓBIL. Na Oficina Agraria Móbil pódense facer xestións que se desenvolven habitualmente en calquera oficina agraria comarcal, como trámites relacionados co servizo veterinario ou xestión de axudas.

A Xunta puxo en marcha esta unidade como un elemento máis da rede de oficinas agrarias espalladas por todo o territorio galego, polo que todas as instalacións físicas actuais permanecerán abertas. O novo dispositivo servirá para cubrir as necesidades xurdidas naqueles emprazamentos onde por mor das obras non se poida acceder ás oficinas agrarias comarcais físicas, a maiores do seu cometido principal de desprazarse aos lugares onde non existen este tipo de instalacións.

O PP presentará unha moción pola marquesiña de Aguiada



A marquesiña de Aguiada

O PP de Sarria levará ao seguinte pleno unha moción pola marquesiña instalada no lugar de Aguiada, parroquia de Calvor.

O Partido Popular sostén que “a marquesiña instalouse no mes de outubro deste ano nunha localización que nunca foi parada oficial de buses nese núcleo de Aguiada e incumprindo toda normativa vinculada ao transporte escolar de menores”.

Os concelleiros sinalan que “a colocación desta marquesiña aporta un risco innecesario dado que obriga aos menores a cruzar a vía cando chega o transporte escolar, aumen-

tando o risco de atropelos”. Ademais, recordan un dos puntos da normativa de transporte escolar “a parada dun vehículo de transporte escolar debe de estar na marxe dereita da vía, dirección ou centro de ensino”.

Os do PP solicitan ao Alcalde e ao Goberno municipal “que traslade á Deputación Provincial de Lugo o malestar dos veciños de Aguiada pola localización de dita marquesiña. Solicitándolle ao ente Provincial a petición de reposicionar no lugar que tiñan os veciños de costume, cumprindo a normativa relacionada co transporte escolar de menores”.

Licitan as obras de renovación do pavillón José Mario González

Abriuse o proceso de licitación das obras de substitución do parqué da pista do pavillón polideportivo José Mario González de O Chanto por 93.875 euros.

O pavillón municipal que dispón dunha única planta cunha superficie de 1975 metros cadrados cunha antigüidade de máis de 40 anos tiña o parqué deteriorado o que dificultaba xogar con comodidade e seguridade. Por iso se fixo presente unha necesidade de renovación para acondicionar as instalacións e ofrecer as mellores calidades aos xogadores sarriaos.

A actuación consistirá na substitución do pavimento actual por un pavimento multideportivo arealástico deseñado para a instalación en recintos interiores polideportivos de uso intensivo.



O pavillón José Mario González

O prazo de execución destas obras será de dous meses e as empresas poden presentar ata o día 21 de decembro as súas propostas.

O polideportivo José Mario González de O Chanto xa realizou

obras de mellora na accesibilidade e nos baños co fin de aportar unhas condicións óptimas para a realización do deporte, un hábito saudable na vida dos veciños do concello.

Comeza o proceso de contratación dos servizos da piscina municipal

O Concello de Sarria abre o procedemento para a contratación dos Servizos das Piscinas Municipais Cubertas e Descubertas do Concello.

Despois da situación pandémica o Concello considera preciso a reapertura e nova posta en funcionamento das instalacións da piscina climatizada do concello coa finalidade de dar un servizo “ampliamente demandado pola cidadanía”. Isto viuse demostrado na etapa anterior que, con carácter transitorio e de xeito experimental, atopouse en funcionamento, na que se desenvolveu actividade, e que se tivo que paralizar polas dificultades derivadas da pandemia.

Desta forma, estarase a promover a educación física a través de diferentes tipos de actividades deportivas, centradas en diferentes perfís de usuarios; desde actividades deportivas de iniciación a natación centrada na idade infantil, actividades educativo-deportivas inculcando una serie de valores positivos e estilos de vida saudables, actividades de natación de mellora técnica a un nivel o deporte con outro tipo de actividades físicas ou deportivas que se poden levar a cabo nas mesmas instalacións como a natación terapéutica, natación para mulleres embarazadas, para persoas en idade avanzada, e outro tipo de actividades como ioga, pilates, actividades de baile, traballo de



Piscina exterior de Sarria

entrenamento funcional, ciclismo indoor, etc.

A natureza das actividades que se desenvolven en dita instalación conleva unha ampla variedade de prestacións (mantemento das instalacións e os seus equipamentos, subministracións de combustibles para o funcionamento dos equipos de , controis de acceso ás instalacións de calefacción e auga quente, servizos de monitorización e socorrismo) que fai que sexa moi difícil asumir os custos polos propios medios da Entidade, din dende o Concello. Ademais, de proceder á contratación de persoal especializado e dos medios a empresa deberá asumir a xestión integral tanto da piscina cuberta como as descubertas de verán, na que se abranguen os

servizos de socorrismo acuático e a impartición dos cursos de natación de verán.

O prazo de duración do contrato será inicialmente de dous anos podendo prorrogarse un máis. Ten un orzamento de 310.817,27 e o prazo de presentación de candidaturas está aberto e poderán participar as empresas con experiencia, xa que se valorará tanto o orzamento como a xestión. As candidatas dispoñen de dous meses para presentar as súas propostas.

A piscina entrou en funcionamento este ano malia estar construída dende 2012.

De feito, para a súa posta en marcha foi preciso o cambio da caldeira e a recuperación das instalacións que sufriron polo vandalismo.

COMARCA

A covid continúa con crecemento de casos activos e hospitalización

A covid volve á carga e continúa sumando positivos aínda que de forma máis lenta e controlada ás vagas anteriores.

Na comarca de Sarria segue a incidencia, moito máis localizada que noutras ocasións. De feito, o principal foco está na vila de Sarria, que coas altas non permite que se disparen os casos. Tamén hai algunha incidencia en algún dos concellos da comarca pero de forma anecdótica e sen que se convirtan en gromos.

Este crecemento é paralelo ao que se está a producir no resto da provincia e de Galicia, e os expertos esperan que antes de Nadal poda chegarse ao máis alto da curva e comezar o descenso.

Polo de pronto poucas restricións, agás principalmente que se presente o certificado de vacinación, ou a PCR negativa nos locais de hostalaría e mesmo a limitación dos grupos de non convivintes. O que mudou tamén foi a ampliación dos horarios da hostalaría ata as 1.30 horas as fins de semana.



VACINACIÓN. Por outra banda, a Xunta comezou xa co proceso de vacinación da terceira dose para toda a poboación en xeral. Do mesmo xeito comezará en breve para os nenos de 5 a 11 anos, o colectivo máis castigado por esta sexta vaga.

Unha vez rematado coa vacinación deste grupo de idade espérase chegar a un grao de inmunización suficiente para ter controlada a covid.

HOSPITALIZACIÓN. Preocupa agora mesmo a situación que se está a vivir nos hospitais, xa que crecen os ingresos e na UCI continúa entrando xente, a practica totalidade persoas sen vacinar de diferentes rangos de idade.

Polo momento esta sexta vaga tamén trouxo dous novos falecementos, dúas persoas de idade avanzada con outras enfermidades. Espérase controlar esta situación co avance da vacinación.

A Deputación aproba obras en vías de Palas, Láncara e O Páramo

A Xunta de Goberno aprobou novas obras para mellorar a rede provincial de estradas cun investimento de medio millón de euros. A voceira socialista do Goberno da Deputación, Pilar García Porto, explicou que foi adxudicado o acondicionamento dun novo tramo da LU-P-2901, a vía que conecta Lugo con Palas de Rei, neste caso ao seu paso polo concello palense, e tamén actuacións en dous treitos da LU-P-4304, que conecta A Pobra de San Xiao co Páramo.

Polo que respecta á LU-P-2901, o proxecto conta cun investimento de 175.000€ e consistirá na mellora de 4 quilómetros -dende o punto quilométrico 21,370 ao 25,000, treito no que se acometerá a reapertura de cunetas, a pavimentación do firme con aglomerado e o pintado da vía. O prazo de execución é de 9 meses.

Tal e como subliñou a voceira socialista do Goberno, a Deputación

xa mellorou este ano outro treito de máis de 2 quilómetros desta estrada, neste caso ó seu paso polo concello de Lugo.

García Porto lembrou que esta estrada “é moi importante para a zona porque dá servizo a moitas parroquias e emprégana peregrinos por situarse ao pé do Camiño de Santiago”.

En canto á LU-P-4304, da Pobra de San Xillao ao Páramo, a Deputación adxudicou por preto de 300.000€ obras en dous treitos, o que vai do punto quilométrico 5,200 ao 5,435 e outro, de máis dun quilómetro, no punto no que esta estrada enlaza coa N-VI ao seu paso por Conturiz. O proxecto inclúe os traballos de movemento de terras e drenaxe, pavimentación con aglomerado, e dotación de beirarrúas e pasos de peóns. Tamén se pintará a calzada e instalarase alumeadado público. O prazo de execución é de 6 meses.

As rupturas matrimoniais diminúen en Galicia un 9 %

Presentáronse 1.089 demandas de divorcio, separación e nulidade, fronte ás 1.199 do ano anterior á pandemia. Os divorcios non consensuados descenden un 24,3 % con respecto a 2019 e un 32,4 % en comparación con 2020. Na comunidade contabilizáronse 40,4 rupturas cada 100.000 habitantes e, no Estado, 42,5.

Os xulgados galegos rexistraron 1.089 demandas de ruptura matrimonial (separacións, divorcios e nulidades) no terceiro trimestre do ano, un 9 % menos que no mesmo período de 2019, antes da pandemia, cando se presentaron 1.199. Con todo, se a comparación a realizamos co ano pasado, aumentaron un 27,4 % debido á incidencia da crise sanitaria.

Os datos tamén reflicten que, na comunidade, en comparación co ano anterior á pandemia, aumentaron os divorcios consensuados (de 631 a 659, un 4,4 %) e diminuíron os non consensuados (de 527 a 399, un 24,3 %). En comparación con 2020, os divorcios non consensuados baixaron un 32,4 % e, os consensuados, un 22,8 %.

O Incio acolleu a presentación do plan Xeodestino O Courel

GDR Ribeira Sacra-Courel fixo a presentación do seu proxecto de actuacións 2021 – Xeodestino Courel no Concello de O Incio.

Destino Courel é unha iniciativa creada pola asociación GDR Ribeira Sacra-Courel que se definiu no ano 2020 como a marca do Xeodestino O Courel, que abarca catro concellos da zona.

Esta nova aposta supón unha iniciativa para o desenvolvemento do sector turístico no Destino Courel, no que se deseñaron cinco actuacións que están enfocadas ao desenvolvemento do turismo gastronómico e sustentable no xeodestino Courel.

Esta proposta alíñase coas distintas liñas estratégicas desenroladas no Plan Director 2021-2023 para a transformación como Destino Seguro.

Esta iniciativa procura combater os efectos da crise no rural galego e reinventar o ecosistema turístico. Xeodestino Courel representa a unión de catro concellos a través dun novo destino turístico e com-



Un momento da presentación do proxecto

petitivo; Folgoso do Courel, O Incio, Samos e Triacastela, polo cal pasa o camiño francés. O seu obxectivo é o de fortalecer e empoderar a imaxe dos empresarios e do entorno; crear neste destino, un punto de referencia turístico; fomentar o desenvolvemento sostible, etc.

Co fin de dinamizar o turismo da zona, levaranse a cabo diferentes accións no Destino Courel, entre elas está a creación do Club de Produto Turístico Gastronómico da

castaña e o mel Destino Courel” un obradoiro de emprendemento Destino Courel e unha xornada de creación de experiencias turísticas Destino Courel.

O obradoiro de emprendemento tivo lugar o día 18 de novembro, a xornada de creación de experiencias turísticas foi o 25 de novembro e a xornada de presentación do Club de Produto Turístico Gastronómico da castaña e do mel o mércores 1 de decembro.

O PP insta ao goberno provincial a mellorar as estradas do Camiño de Santiago

O PP insta ao goberno provincial a mellorar os 70 quilómetros de estradas da Deputación que coinciden con tramos de itinerarios do Camiño de Santiago.

Javier Castiñeira explica que “o Partido Popular presentou unha moción no pleno da Deputación instando a esta institución a que poña en valor as súas estradas que coinciden con itinerarios do Camiño de Santiago. En total, estes tramos suman máis de 70 quilómetros, que, nalgúns casos, están en mal estado, presentan deficiencias, entre elas de sinalización; moi mellorables”.

Os populares consideran que “é unha intervención necesaria para mellorar a imaxe da propia Deputación de Lugo e a do Camiño de Santiago; son miles de persoas as que pasan polos distintos itinerarios do Camiño, que é unha verdadeira industria do Turismo para a nosa provincia, que axuda a economía de localidades do interior”.

Castiñeira sinala: “Todas as Administracións deben poñer o máximo dentro das súas posibilidades para facer máis atractivo o Camiño”.

112 operarios e 64 máquinas, no Plan Invernal de vías provinciais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou na Fonsagrada o Plan de Vialidade Invernal despregado polo organismo provincial para a temporada 2021-2022. Tomé Roca resaltou a importancia de contar cun protocolo destas características para facerlle fronte coa maior rapidez e eficacia posible ás incidencias que se poidan producir na rede viaria provincial, a máis extensa de España, tratando de garantir a comodidade e seguridade dos usuarios e usuarias fronte a episodios de meteoroloxía adversa.

Xunto cos recursos propios da Deputación, no Plan de Viabilidade Invernal traballarán 7 empresas cunha ampla experiencia na resolución de incidencias viarias causadas pola neve e o xeo. En concreto, o dispositivo está composto por 112 operarios e 48 máquinas, ademais de 12 silos que a institución provincial ten distribuídos por toda a provincia e que dispoñen de 420 toneladas de sal de mina.

O Plan de Vialidade Invernal divi-



Presentación do Plan Invernal da Deputación

dese en 8 zonas, todas dotadas con medios suficientes para facer fronte coas maiores garantías posibles ás emerxencias que poidan xurdir. Dos 4.200 quilómetros de estradas, a metade están situados a máis de 600 metros de altitude sobre o nivel do mar, co que iso supón de maior incidencia das inclemencias meteorolóxicas.

Por outra banda, A Xunta activou o Plan de Vialidade Invernal na provincia de Lugo, cun dispositivo de 87 profesionais, preto de 1.740 tonela-

das de fundentes e 6 centros operativos que garantirán a seguridade viaria.

O operativon mobiliza un centro operativo na zona norte, en Xermade, que ten subcentros en Mondoñedo e no Cádavo; e outro na zona sur, no Incio, con subcentros en Monforte e en Lugo.

O plan tamén inclúe na provincia de Lugo un dispositivo de 58 máquinas, entre elas, camións, pick-up, retos, cuñas, follas, espaxedores de sal ou estendedores de salmoira.

Aberto o prazo de solicitude para o programa de Termalismo Social

Aberto o prazo de solicitude para o Programa de Termalismo Social para o ano 2022 dependente do Imserso. Os requisitos para acceder a dito programa son: ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social español, ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español, ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español, ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade, non padecer alteracións do comportamento e valerse por si mesmo.

As quendas terán unha duración de 10 ou 12 días, que comprenden o aloxamento e manutención en réxime de pensión completa en habitación dobre, o tratamento termal e póliza colectiva de seguro, os desprazamentos aos establecementos termiais e o regreso é por conta do beneficiario.

O prazo de solicitude para a quenda febreiro a agosto está aberta ata o 31 de decembro. O prazo de solicitude para a quenda setembro a decembro está aberta ata o 15 de maio.

A Deputación garante o apoio á prestación do servizo dos GES

A Deputación volveu a garantir na reunión da comisión de seguimento dos GES celebrada este venres o seu apoio á prestación do servizo, así como a súa firme vontade de avanzar no deseño dun novo modelo de funcionamento. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, subliña que non se trata de poñer en cuestión o servizo, senón de mellorar o sistema de prestación do mesmo.

A institución provincial aposta pola substitución do actual modelo por outro que avance na profesionalización dos GES e que modifique o actual marco laboral do persoal. Neste sentido, na reunión propúxolle á Xunta de Galicia prorrogar por un ano o convenio actual, en vigor ata finais deste 2021, e durante ese tempo buscar e consensuar, dende a lealdade institucional, un novo modelo que garanta un servizo profesionalizado e que evite a fraude na contratación por parte dos concellos por mor do incumprimento da lexislación laboral, tal e como xa acreditan reiteradas sentenzas xudiciais. Estes ditames demostran que non é posible manter un sistema que leva a

perpetuar vicios e irregularidades que se coñecen de antemán.

Polo que respecta ao marco de financiamento, a Deputación de Lugo lembra que as administracións provinciais duplicaron as súas contribucións porcentuais no período 2019-2021, polo que reclaman que o modelo non supoña novos incrementos. Nesas anos, a contribución provincial pasou de significar o 20% do orzamento dos GES ata chegar a un 40%, mentres a Xunta reducía a súa participación do 60 ó 52%.

A entidade reclama á Xunta que acabe cos intentos de imposición e que adopte unha actitude de diálogo porque todo convenio de colaboración leva implícito un acordo entre as partes. Tamén demanda que o Goberno autonómico teña en conta a opinión e a vontade dos concellos, e que non tome decisións unilaterais.

Neste sentido, destaca que a Xunta non explicou por que o GES que estaba decidido crear en Baleira non se constituíu e, sen embargo, intenta impoñerllo á Fonsagrada, cando este manifestou que non está en disposición de acollelo.

Xa hai gañadores do concurso de fotografía das reservas Terras do Miño e Os Ancares

A voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, informou de que a Xunta de Goberno deste venres aprobou a resolución da comisión avaliadora da sétima edición do Concurso de Fotografía Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses.

Lina Iglesias Forneiro, pola súa obra Camiño Primitivo, recibirá o primeiro premio dotado con 800€; Germán Limeres López, coa súa fotografía Lagoa de Cospeito, será galardoado co segundo premio, que está dotado con 500€; e Manuel María Balbas Naveira, que inmortalizou Cores de inverno na senda dos muíños, acadará o terceiro premio, que conta cun

importe de 300€. O fallo sairá publicado a semana que vén no Boletín Oficial da Provincia.

“Coa temática desta edición pretendíamos poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio natural e cultural destas Reservas da Biosfera que xestiona a Deputación, e que son unha das ferramentas importantes para o desenvolvemento da provincia”, explicou García Porto. A temática incluía, tanto redes de rutas de sendeirismo e itinerarios, como o conxunto de vías e camiños tradicionais, co obxectivo de amosara riqueza natural, cultural e paisaxística das reservas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.



Vía férrea de Sarria a Monforte

Invisten máis de 60 millóns de euros para modernizar o ferrocarril

O delegado do Goberno, José Miñones, destacou a decidida aposta do Goberno pola modernización do ferrocarril na provincia de Lugo que se materializa na mobilización de novos investimentos por importe de máis de 60 millóns de euros.

O delegado do Goberno puxo de manifesto o pulo que supón para a mellora das infraestruturas ferroviarias na provincia a autorización de tres novos contratos para a mellora da infraestrutura e sinalización do treito Ourense-Monforte de Lemos-Lugo. Miñones remarcou que “o Goberno segue a mobilizar investimentos millonarios para dotar a Lugo de boas comunicacións por ferrocarril, cumprindo así o seu compromiso”. Miñones informou de que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axunta Urbana vén de dar un novo pulo á mellora do corredor ferroviario Ourense-Monforte de Lemos-Lu-

go, coa autorización polo Consello de Administración de Adif de tres novos contratos destinados á mellora da infraestrutura e a sinalización do treito Ourense-Monforte de Lemos.

O delegado explicou que dous dos contratos autorizados, por importe de 46.961.892 euros teñen por obxecto o tratamento de elementos de infraestrutura (pontes, túneles e explanacións) nun treito de 19,1 km. Ademais, autorizouse a adxudicación de outro contrato, por importe de 13.252.593,90 euros (IVE incluído), para a mellora das instalacións de sinalización e telecomunicacións dos 46 km do treito Ourense-Monforte. Os tres contratos forman parte dos proxectos para a modernización do corredor ferroviario Ourense-Monforte de Lemos-Lugo e teñen a finalidade de mellorar o estado da infraestrutura e aumentar a fiabilidade das liñas e a calidade do servizo.

SOCIEDADE



Diferentes momentos que o 25N deixou na comarca



Os Bolechas aterraron no Incio para facer rir aos máis pequenos

O circuito de teatro afeccionado estivo en Triacastela

O PSOE reclama que se cre un observatorio de prezos da carne

O portavoz de Gandería do Grupo Socialista, Martín Seco, reclamoulle ao goberno galego que poña en marcha un Observatorio de prezos público para o sector da carne e impulsar contratos homologados con prezos estipulados por riba dos custes de produción. Así o dixo no debate dunha interpelación ao conselleiro do Medio Rural, a quen emprazou a responder ao SOS que está a enviar un sector “esencial para Galicia”.

O responsable socialista reclamoulle á Xunta que “faga efectivo o cumprimento da Lei de Cadea Alimentaria” tamén na carne “para garantir a supervivencia dos nosos gandeiros, que están a cobrar por debaixo dos custes de produción”. Reclamou ademais que “reactiven de forma excepcional a liña de axudas da covid, que eran insuficientes pero que axudaroín a paliar en parte as perdas das explotacións no primeiro ano da pandemia”.

Emprazou ao goberno galego a complementar con recursos propios as axudas directas habilitadas polo PDR, que eran de 24 millóns de euros pero das que a Xunta só empregou 7 millóns, “derivando o resto para outros sectores que poderían ter cuberto con fondos do Igape”.

Seco defendeu unha estratexia baseada na aposta por unha gandería extensiva de calidade, incentivar a investigación pública para aumentar a calidade, modernizar

as canles de envasado e despece, e garantir a presenza da carne galega nas cadeas galegas e a súa expansión ao mercado exterior. Propuxo ademais a posta en marcha dunha lonxa agropecuaria de referencia que permita referenciar os contratos aos seus prezos.

Reclamoulle ao goberno galego unha liña de axudas excepcional, así como un plan específico de dimensionamento das explotacións de vacún de carne, e emprazou a Medio Ambiente a controlar a poboación de fauna urxente, cun novo Plan de xestión do lobo para Galicia acordado coas asociacións de defensa da especie, os gandeiros e os veterinarios.

Criticou que o goberno galego estea “de brazos cruzados” mentres “afunde” un sector integrado por 22.000 explotacións, das cales 11.000 son profesionais, e supón 20.000 postos de traballo. Alertou fronte ao desleixo do goberno galego, sumido na súa “festa da propaganda” mentres están en xogo “milleiros de ganderías tradicionais en toda Galicia, situadas nas zonas demograficamente máis sensibles das que depende o futuro do noso rural”.

Explicou que en 17 anos, o prezo que os gandeiros perciben pola carne que producen aumentou un 12 por cento, mentres o IPC aumentou un 33 por cento e os custes de produción un 38 por cento.

O PP pide ao alcalde reunir a xunta de voceiros para convocar axudas ao sector primario

O PP de Láncara convida ao alcalde a “recapacitar” e convocar a xunta de portavoces dos grupos municipais co obxectivo de analizar a situación dos gandeiros do municipio e convocar axudas, directas ou indirectas, para paliar a situación que están a sufrir ao producir a perdas debido aos altos custes de produción.

“A xunta de portavoces foi a fórmula elixida noutras ocasións para artellar axudas a outros sectores en dificultades, coma a hostalería e o comercio afectados pola crise da covid-19. Nesta ocasión, é o sector gandeiro o que o está a pasar peor”, inciden. Os populares amosan claramente o

seu apoio ao sector primario e sinalan que “se o alcalde non convoca a xunta de portavoces, solicitaremos un pleno extraordinario para que explique por que se nega a apoiar ao sector maioritario do concello. Parece mentira que fora gandeiro. Agora amosa pouca sensibilidade co sector”, condenan.

Os concelleiros do PP lembran que “o alcalde e o equipo de goberno, do PSOE, votaron en contra da rebaixa do IBI aos titulares de explotacións gandeiras solicitada ata en dúas ocasións polo Grupo Municipal Popular. Iso non é apoiar ao sector primario”, matizan.

O orzamento municipal será de 2,3 millóns de euros no 2022

Na última sesión plenaria, o goberno aprobou as contas de cara ao 2022. O Concello contará cun orzamento municipal de 2.319.726 euros. Isto supón un incremento respecto ao ano pasado de 92.000 euros.

Algunhas das partidas recollen 32.000 euros para a Feira da Tenreira Galega, subvencións nominativas para a asociación cultural Val de Láncara, agrupación de mulleres rurais 5.000 euros ou o equipo de fútbol sala con 3.000 euros.

O grupo popular que se opuxo a aprobación destas contas destacou que nestas partidas non se contempla o apoio ao sector gandeiro,



Concello de Láncara

ningun incentivo á natalidade ou a promoción de Láncara como un lugar idóneo para vivir.

Por unanimidade, aprobouse unha

moción do BNG a favor do sector lácteo na que o grupo PP introduciu unha emenda para incluír ao sector cárnico.

José Tomé visita a antiga escola tralas obras de remodelación

O presidente da Deputación de Lugo José Tomé Roca aproveitou a súa visita ao concello de Láncara para coñecer da man do Alcalde e da directiva da Asociación Cultural Val de Láncara, as obras feitas na antiga escola de Láncara, situada no núcleo da Veiga de Outeiro, as cales contaron cunha subvención deste organismo de 46.000 euros (o 96% do custo total da intervención).

Esta reforma supón unha mellora nas infraestruturas de reunión e realización de actividades para a Asociación Cultural Val de Láncara que fomenta a xuntanza dos veciños co obxectivo de facer parroquia.



Visita do presidente da Deputación á antiga escola

O Concello programa diferentes actividades extraescolares este ano

O Concello de Láncara presentou a programación das actividades extraescolares para o curso 2021-2022.

Este tipo de actividades teñen como obxectivo apoiar o deporte base e que os rapaces e rapazas da contorna fagan parroquia e leven a cabo actividades saudables.

As actividades a realizar serán fútbol sala para nenos a partir de 5 anos (nados entre o 2003 e 2016) levarase a cabo no pavillón municipal e haberá diferentes categorías dependendo da idade.

Kung Fu/wu shu é unha actividade enfocada a nenos e nenas a partir de 8 anos e terá lugar no ximnasio do colexio público Ramón Piñeiro e no pavillón municipal.

Atletismo e campo a través son dúas actividades para aqueles mozos e mozas maiores de 6 anos e contará con entrenamentos no pavillón municipal e saídas ao exterior.

Baloncesto será un deporte enfocado para aqueles rapaces e rapazas de máis de 8 anos e terá lugar no tamén no pavillón.



Será a partir de xaneiro do ano 2022 cando os pequenos e pequenas maiores de 5 anos poderán realizar pádel/badminton no pavillón municipal e nas pistas de pádel municipais.

Un proxecto para integrar as vías na Pobra de San Xiao



Láncara mantén en marcha o seu proxecto de incorporar as vías do tren á estrutura da vila, un ambicioso plan de traballo que quere reivindicar o pasado ferroviario da vila.

O pleno aprobou un suplemento de crédito para a adquisición dos terreos e da antiga edificación do ferrocarril situada na Pobra de San Xiao. Desta maneira, vanse comprar 21.000 metros cadrados, nos que se atopan a antiga estación de ferrocarril, o almacén e os terreos que hai ao redor, que van dende un paso de nivel a outro.

Actualmente, todos eses terreos pertencen ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias -Adif- e o Concello xa acordou e está pendente de firmar o convenio para cambiar a titularidade. Esta operación, segundo o alcalde do Concello de Láncara, Darío Piñeiro, foi unha operación

custosa, longa e complicada, que acabou cun resultado positivo.

Por outro lado, aínda non se ten coñecemento da contía pola que se van adquirir estes terreos xa que o proxecto está sen cerrar e aínda se está en negociacións, sen embargo, segundo o rexedor, o prezo de compra non vai a superar os 120.000 euros. “Estamos moito por debaixo de valor catastral, polo que é unha boa operación”, sinalou Piñeiro.

A finalidade da compra deste espazo é reformar as instalacións e facer unha mellora importante nos accesos e conexións co centro urbano da Pobra de San Xiao.

Así mesmo, Darío Piñeiro informa de que xa existe un plan especial -ao que lle queda tan só a aprobación definitiva da Xunta de Galicia- onde se contempla un espazo de zonas verdes, así coma unha rotonda que

conecte a estrada LU-546 coa rúa Benigno Quiroga e a rehabilitación da estación e do almacén de ferrocarril para empregalo, entre outras cuestións, para actividades de carácter cultural.

Sen embargo, mentres a titularidade non sexa do Concello de Láncara definitivamente, non se pode executar ningunha obra, nin tampouco pedir subvencións de ningún tipo.

Segundo Piñeiro, esta actuación é de gran magnitude e, de feito, sinala que “creo que é a xestión máis importante deste concello na súa historia”. Ademais, tamén considera que é “unha pena que se perdera o tren xa que tería que haber continuado a súa actividade por Láncara”. Polo tanto, considera que esta operación é fundamental e defende a importancia de adecentar uns terreos que se atopan en estado de abandono.



Á esquerda, o plano do proxecto e, á dereita, dúas imaxes dos terreos

**LÁNCARA
CONTIGO**

**BOAS
FESTAS**

Este Nadal merca
no comercio de
Láncara



**CONCELLO DE
LÁNCARA**

O Concello convoca as axudas dirixidas ao sector hostaleiro local

O Concello aprobou a proposta da Alcaldía sobre as bases e a convocatoria dunha liña de axudas para o impulso da actividade económica e paliar os efectos da covid-19 dirixidas ao sector hostaleiro.

O alcalde, Héctor Corujo, explica que “a situación excepcional derivada da crise da covid-19 afecta duramente ao sector hostaleiro”. Nese sentido, considera “imprescindible dirixir axudas para contribuír ao financiamento de certos gastos correntes que tiveron que afrontar as pequenas empresas e autónomos do sector no contexto de peche obrigado da súa actividade, limitacións de horarios, restricións de aforo, etc.”.

O Concello do Incio dirixe a estas axudas un importe de 5.000 euros do vixente orzamento municipal para o que se conta con financiamento procedente do Plan Único. As axudas comprenderán unha cantidade equivalente aos recibos de auga e lixo que soportou o establecemento dende o 2º trimestre de 2020 ata o 3º trimestre de

2021 (ambos incluídos), así como unha cantidade fixa por solicitante en concepto de axuda para outros gastos correntes.

Estas axudas diríxense a persoas físicas ou xurídicas que dispoñan dun negocio no termo municipal e que permanecese pechado e non puidese desempeñar ningunha actividade durante o estado de alarma e/ou que se vise afectado polas restricións de horarios e aforos.

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello do Incio acompañadas da documentación requirida e recollida nas bases e o pago realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

Subvencións para o CEIP Ricardo Gasset e a aula multiusos

O CEIP Ricardo Gasset do Incio adquiriu novo material informático e didáctico para unha mellor experiencia educativa nos rapaces do Concello.

Ademais, tamén obtivo novo mobiliario que mellorará a aprendizaxe e a axudará a formar novos lugares lúdicos que ao mesmo tempo sirvan para aprender.

Este novo mobiliario permite ter a disposición dos nenos diferentes contos e materiais educativos dunha maneira sinxela. O fácil acceso a ditos materiais posibilita aos máis pequenos gañar autonomía e independencia, promovendo a realización de tarefas de maneira individual.

O ambiente promove a independencia do neno e a exploración e o proceso de aprendizaxe. A liberdade e a autodisciplina fan posible que cada neno encontro actividades que dan resposta as súas necesidades evolutivas.

AULA MULTIUSOS. O Concello de O Incio vén de recibir unha subvención da Consellería de Cultura,



O novo material do colexio

Educación e Universidade para a rehabilitación e mellora da aula multiusos.

Esta achega de case 19.500 euros proporcionará equipamento e mellorará a accesibilidade da infraestrutura. O obxectivo é o de acondicionar estas instalacións para que no futuro acolla diferentes programacións culturais.

Esta subvención súmase a xa percibida para o acondicionamento da contorna do centro multiusos. Esta actuación tiña como obxectivo eliminar o aspecto duro e gris que proporcionaba o aglomerado asfáltico da praza.

Nenos do Incio e do Courel fixeron un vídeo musical polo 25N

Nenos e nenas do Incio e do Courel lanzan hoxe un vídeo musical con motivo do 25N co que concienciar sobre a violencia de xénero e a igualdade desde o rural.

O Concello do Incio e o Concello de Folgoso do Courel participan conxuntamente nun proxecto financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta co que pretenden traballar na erradicación da violencia de xénero e na súa prevención desde a infancia. Ademais diso, pretenden que o traballo sirva tamén para vincular a igualdade co mundo rural e que sirva de exemplo para outros colexios e colectivos.

O videoclip foir presentado nos dous colexios e está a ser difundido a través das redes sociais. Trátase, en palabras dos rexedores, de enxalar o rural e amosar todo o que ofrece, non só na defensa da igualdade, senón tamén a nivel turístico, cunhas imaxes espectaculares de ambos.

‘DA MESMA RAÍZ’. Para iso, promoveron a gravación dun vídeo que hoxe mesmo dan a coñecer a través das redes sociais, protagonizado



O grupo creativo do vídeo

polos nenos e nenas do Incio e do Courel. Durante a xornada os nenos e nenas participaron en diferentes xogos e actividades que teñen que ver coa igualdade e co rural para finalmente formar parte da gravación dunha canción e a filmación dun vídeo que leva por título ‘Da mesma raíz’. O nome ten que ver co feito de que todos proceden da mesma orixe (lugar e social) e como tal deben ser tratados por igual.

A canción, inédita, foi composta polo veciño do Incio Xabier Vizcaíno e na súa gravación participaron tamén a súa irmán Lucía Pérez e o mestre

Jesús Somoza.

O proxecto foi filmado entre o Incio e O Courel por Salitre audiovisuais e nel destacan tamén as paisaxes dos dous Concellos mesturando a terra coa base do proxecto; a igualdade, a diversidade e o respecto cara a todas as persoas. Trátase de “visualizar para visibilizar”, sexa o rural, a igualdade ou a diversidade, explican.

Desde ambos concellos convidan a ver e compartir o videoclip para que chegue ao maior número posible de xente e poida así cumprir a súa función e seguir avanzando na igualdade e na erradicación da violencia.

Actividades de igualdade para os nenos

Os nenos e nenas do CEIP Ricardo Gasset do Incio participaron durante estes días nun obradoiro de igualdade. Foi unha xornada para traballar os patios dinámicos. Ademais fixéronlles entrega de diversos xogos que se van a instalar no pavillón. O taller estivo impartido por Outonía.

Este tipo de actividades serven tamén para facer parroquia e promover os lazos entre os rapaces e

rapazas veciños do Incio.

PATIOS DINÁMICOS. Os patios dinámicos son unha estratexia educativa inclusiva que trae liñas de actuación en torno ao xogo utilizando o recreo escolar como contexto de desenvolvemento. E que ten a peculiaridade de ser un programa adaptable a cada centro educativo e ás características persoais dos escolares.



O rapaces, nunha actividade



CASTRAS DO MEL. No CEIP Ricardo Gasset era tradición realizar a castra do mel. Este ano, pola covid, fixeron outras actividades. O resultado foi unha exposición levada a cabo por eles mesmos sobre a castra do mel onde se pode atopar todos os artiluxos necesarios para realizar esta actividade.

Celebran clases de música tradicional galega para adultos

O Concello do Incio colabora coa anpa do CEIP Ricardo Gasset para ofrecer clases de música tradicional para adultos.

Esta actividade promove a cultura galega popular ensinando ás persoas interesadas gaita e percusión.

As clases terán lugar no mercado gandeiro de 10.30 horas ás 11.30 horas.

Os interesados e interesadas en participar poden anotarse no Concello do Incio.

“Asumo o cargo con vontade de ser útil ao sector forestal galego”

Antonio Rigueiro, presidente da Asociación Forestal de Galicia e docente da USC

Falamos con Antonio Rigueiro Rodríguez, presidente da Asociación Forestal de Galicia e docente da USC.

Recentemente foi nomeado presidente da Asociación Forestal de Galicia, que significa este novo proxecto profesional na súa vida?

Eu xa era vicepresidente de relacións institucionais da Asociación Forestal de Galicia (AFG) desde hai varios anos, polo que xa tiña responsabilidades de goberno na asociación. Aceder ao cargo de presidente da AFG supón unha maior responsabilidade, que asumo con vontade e ganas de ser útil ao sector forestal galego, e especialmente aos propietarios forestais. No eido persoal suporá algo máis de traballo, pero o asumo porque se se pode facer algo polos nosos montes hai que ser xenerosos e estar aí...

Se tivera que quedar cun posto sería o de presidente da Asociación ou docente e investigador?

Eu levo case 50 anos traballando como investigador no eido forestal, e máis de 30 como docente universitario, tarefas vocacionais que, polo tanto, me acompañaron durante case toda a miña vida e que agardo compatibilizar co cargo de presidente da AFG. Coido que a miña experiencia como investigador no eido forestal pode ser de utilidade para a AFG.

Que é o que máis lle gusta de ser docente?

Transmitir coñecementos, formar aos estudantes, o contacto con eles, ver a súa evolución, desenvolver empatía e crear un clima de confianza... e tamén sentirme recoñecido e apreciado polos meus discípulos. Gústame que me chamen mestre incluso cando xa son ex alumnas ou ex alumnos. Debemos ser conscientes da transcendencia da educación, en tódolos seus niveis, pois estamos formando a sociedade futura, porque en gran parte somos o que nos ensinaron.

Segue a pasar tempo no inicio de onde é orixinario?

Si, teño unha casa no pobo de Vilameá, no Val do Mao, e vou con frecuencia. Alí peérdome polas corredeiras que percorría de neno, falo cos poucos veciños e veciñas que quedan, e desconecto das tensións do día a día... para min é un lugar especial.

Que é o que máis bota de menos das súas terras?

Boto de menos os familiares que xa non están... meus avós, meus pais,

meus tíos, e tamén os veciños que faleceron. Eu crieime en Vilameá e fun un neno labrego, alí aprendín a amar a miña terra galega, e alí descansarei para sempre.

Cal é o mellor recordo que ten alí?

Sinto nostalxia dos tempos pasados, cando era neno e había xente en tódalas casas e estaban traballadas todas as terras, aínda que había que traballar duro, gadañar a herba, a seitura, as mallas, arar coas vacas, carrexar cos carros... As casas estaban abertas para tódolos veciños e eramos unha gran familia. Lembro con cariño as matanzas, as festas do San Eufrasio e da Virxe, as feiras dos 22, algún amor de adolescencia...

A súa paixón polos montes naceu na comarca de Sarria?

Quizás si, pois nacín e crieime entre carballos e castiñeiros. Pero teño que recoñecer que son enxeñeiro de montes por casualidade. Como era en principio o destinado a suceder a meus tíos á fronte da Casa de Carballo de Vilameá pensaba estudar enxeñeiro agrónomo, e cando ía no tren a Madrid para matricularme coincidín cun amigo da Terra Chá, José María Rábade, que estaba estudando enxeñaría de montes. Cando lle dixen que eu ía matricularme en agrónomos díxome: vén ver a escola de montes que é moi bonita, un pazo antigo no medio do bosque...e fun, e gustoume tanto que alí me matriculei, e non me arrepinto, pois foime ben e coido que atopei a miña vocación... ás veces o destino vaite guiando sen que te deas conta.

Como compaxina o seu labor na Asociación coa de docente?

Este curso estou de ano sabático e polo tanto non teño obrigas docentes, e para o que vén xubilome na universidade. En calquera caso, como comentei, xa era vicepresidente da AFG, e viño compaxinado sen dificultade.

De que se encarga a Asociación Forestal de Galicia?

A AFG ten cerca de 1500 asociados, entre propietarios particulares de montes e propietarios colectivos, sobre todo montes veciñais en man común. En total a asociación ten influencia sobre uns 25.000 propietarios forestais. Entre as misións da AFG están formar aos socios a través de actividades de transferencia de tecnoloxía, prestarlles apoio técnico, informalos e asesoralos en relación por exemplo coas convocatorias de axudas...e tamén participa en proxectos de investigación e

contratos con empresas, e colabora coa cadea da madeira e coa administración. Doutra parte forma parte de organizacións supraautonómicas, como a Confederación de Selvicultores de España (COSE) ou a Unión de Selvicultores do Sur de Europa (USSE).

Cal é o obxectivo de cara ao 2022 e próximas metas da Asociación?

A nova xunta de goberno da AFG é continuísta, tanto na súa composición, pois continuamos varios membros da etapa anterior, como no programa, pois a AFG ten un equipo humano excelente e vén funcionando e cumprindo os seus obxectivos de forma moi satisfactoria. No futuro próximo intentaremos captar novos socios, continuar co apoio técnico aos mesmos, solicitaranse novos proxectos de investigación, estaremos atentos ao desenvolvemento da revisión do plan forestal de Galicia e da lei de recuperación da terra agraria de Galicia, colaboraremos tamén coa administración forestal na revisión das leis de incendios e de montes veciñais en man común e en accións tendentes á diversificación da produción de madeira e á mellora das producións non madeireiras en Galicia...entre outras moitas tarefas. Queremos seguir sendo un referente no sector forestal galego.

Que é o máis difícil de lograr na Asociación?

Como xa comentei a AFG ten un excelente equipo humano que desenvolve con eficacia e responsabilidade as encomendas que temos, aínda que é certo que nalgúns momentos, como estes de finais de ano, con algúns agobios. Tratamos de resolver de forma eficaz os compromisos que temos, aínda que somos conscientes das nosas limitacións e non nos embarcamos en asuntos que non somos capaces de abordar. Ás veces non nos resulta doado acadar que as administracións forestal e ambiental coñezan e tomen en consideración as necesidades e problemas dos propietarios forestais.

Cal considera que é o seu maior logro de carácter profesional? E persoal?

A miña meta profesional foi sempre ser catedrático de universidade, e conseguino xa no afastado ano 1993, o que agradezo ao ceo. Con iso quedou satisfeita a miña vaidade, non necesito nada máis profesionalmente, aínda que tiven tamén cargos académicos (director da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos, director da Escola Politécnica Superior, director do Departamento



Antonio Rigueiro, no campus de Lugo, onde impartiu clase

de Producción Vexetal) e na Xunta (subdirector Xeral de Universidades e Investigación na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Tamén puiden ser vicerreitor en máis dunha ocasión pero rexeitei o ofrecemento para non desligarme da actividade docente e investigadora, que é o que me gusta. No eido persoal o logro máis importante son os meus fillos, Antonio e Olga, dous excelentes rapaces aos que sempre levo no corazón.

Cal é o maior problema dos propietarios dos montes galegos?

A estrutura en minifundio da propiedade particular, a regresión demográfica e o envellecemento da poboación no rural, as limitacións nos espazos protexidos sen compensacións, o prezo baixo da madeira, a carencia de formación técnica en moitos casos...

A covid afectou dalgunha forma aos propietarios dos montes?

Eu coido que a covid afectou a toda a sociedade en maior ou menor medida, e polo tanto tamén aos propietarios forestais, pero, afortunadamente, puideron seguir realizando traballos culturais e selvícolas e vendendo madeira incluso durante os confinamentos. É dicir que os traballos forestais non se paralizaron como sucedeu noutros sectores.

Cal é o maior problema dos montes galegos?

O minifundio da propiedade particular, a falla de dinamización de moitos montes de propiedade colectiva, problemas de deslindes, incendios, pragas e doenzas, o abandono, a escasa diversificación da produción madeireira, a baixa calidade da madeira que producimos e, en consecuencia, os baixos prezos, a escasa atención ás producións non madeireiras...

Cal é a praga que afectou máis aos montes galegos nos últimos tempos?

Hai moitos problemas sanitarios no monte galego, acentuados en parte polo cambio climático e a globalización. Nos últimos tempos destacaríaa a avespiña do castiñeiro, o gorgullo do eucalipto e o nematodo e as bandas dos piñeiros.

Tamén dirixe a Estación Científica

do Courel. Cal é o segredo para estar en tantos proxectos? Hai algún deles que lle apaixone ou lle teña un agarimo especial?

A verdade é que me considero bastante traballador e dedícolle bastante tempo ao traballo. Sempre estiven metido en varios frentes. Pertencer á Real Academia Galega de Ciencias é sen dúbida un recoñecemento e unha honra. Unha das miñas actividades máis relevantes é a coordinación do Ciclo de conferencias Luis Asorey, que a academia vén organizando tódolos anos en Lugo, no marco dun convenio coa Deputación de Lugo. O grupo de investigación (Sistemas silvopastorais) coordínno da man da catedrática María Rosa Mosquera Losada, que será a miña sucesora, e ela se vai encargando pouco a pouco desta responsabilidade. É para nós un orgullo que sexa grupo de referencia competitiva da Xunta de Galicia e un grupo de referencia mundial. A actividade que se veu realizando na Estación Científica do Courel é recoñecida sobre todo polos veciños desa fermosa bisbarra, e deixamos pegadas exitosas como os libros sobre as orquídeas, os cogomelos ou as árbores senlleiras do Courel. Sentínme e síntome moi a gusto en todas esas responsabilidades.

Ten algún soño por cumprir?

Gustaríame chegar a ter e coñecer algún neto ou neta...

No seu tempo libre tira máis ao monte ou prefire desconectar de todo o que ten que ver co seu traballo?

Gústame camiñar, gozar dunha paisaxe fermosa de montaña ou de mar, ir á miña aldea de Vilameá, viaxar, a lectura, o cine, a música... pero como me gusta o traballo que fago tamén desfruto traballando.

Como se lle presenta o ano 2022 profesionalmente falando?

O 31 de agosto xubilareime. Presentei a miña solicitude para participar na convocatoria de profesores eméritos, coa idea, no caso de que se me conceda, de seguir colaborando coa universidade nun proceso de “desenganche” progresivo e programado. En calquera caso coido que non me aburrerei, pois teño traballo abondo.

Paradela e Lugo logran a axuda para o Plan Piloto de Axenda Urbana

O Concello de Paradela consegue a subvención para a creación do Plan Piloto de Axenda Urbana outorgada polo Ministerio de Transporte, Movilidade e Axenda Urbana. Este concello é o único de toda a Comunidade galega que acada esta axuda tendo menos de 5.000 habitantes.

O Plan de Axenda Urbana é a folla de ruta que vai marcar a estratexia e as accións a levar a cabo ata o ano 2030, para facer das nosas vilas e cidades ámbito de convivencia acolledores, saudables e concienciados. Constitúe un verdadeiro “menú á carta” para que tódolos actores, públicos e privados, que interveñen nas cidades e

que buscan un desenvolvemento equitativo, xusto e sostible desde os seus distintos campos de actuación, poidan elaborar os seus propios Plans de Acción.

Outros concellos galegos que tamén lograron a subvención foron Lugo, As Pontes, Lalín, Santiago, Pontevedra e A Coruña.

O Ministerio concedeu ao goberno local de Paradela 50.000 euros para impulsar a elaboración do seu plan piloto de axenda urbana, un documento que poderán usar como exemplo outros municipios españois de características similares cando elaboren os seus propios documentos a partir de agora.

o páramo

O Concello súmase ao Pacto de Alcaldes Polo Clima e a Enerxía

O Concello do Páramo aprobou a súa adhesión ao Pacto de Alcaldes Polo Clima e a Enerxía, o maior movemento mundial de autoridades para loitar contra o cambio climático.

A adhesión implica asumir os obxectivos adoptados pola Unión Europea para frear o cambio climático, adoptando as medidas necesarias para reducir, de aquí ao 2030, un 27% do consumo enerxético e un 40% as emisións de CO₂, ao tempo que se aumenta un 27% o emprego de enerxías renovables. Ademais, supón a adopción de medidas de adaptación fronte aos riscos e vulnerabilidades apareladas ao cambio climático, como son as secas, a elevación do nivel do mar, ou unha maior frecuencia dos episodios de temperaturas extremas e chuvias torrenciais.

Unha vez aprobada a adhesión ao Pacto, o Concello debe elaborar e presentar un plan de acción que garanta o cumprimento destes obxectivos no ano 2030.

Así, o Concello do Páramo acordou a súa adhesión ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía, asumindo así os compromisos da Unión Europea en materia de clima e enerxía para o ano 2030.

O Pacto foi lanzado en Europa no ano 2008, e implica xa a case 8.000 autoridades locais pertencentes a

57 países de todo o mundo. Ademais, coa adhesión ao Pacto, o Concello contribúe á consecución da Axenda 2030, un chamamento universal desenvolvido polas Nacións Unidas para acadar un mundo máis xusto e sustentable. Esta folla de ruta concétnase en 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, e mediante esta iniciativa se poñen en práctica de xeito máis directo o ODS 13 Acción polo Clima e o ODS 17 Alianzas para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

A adhesión ao Pacto dos Alcaldes, implica a adopción dun Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible que inclúe medidas para o freo do cambio climático, consistentes na redución de consumos enerxéticos e a substitución de enerxías fósiles por renovables, reducindo así a pegada de carbono do municipio. Estas medidas aplicaranse sobre edificios, instalacións, equipamentos e o transporte, tanto público como privado, e nos ciclos de tratamento de augas residuais e dos residuos sólidos urbanos.

O concello ten un prazo de dous anos, contado a partir da data do acordo municipal de adhesión ao Pacto, para aprobar este Plan de Acción. Despois, cada dous anos, terá que dar conta dos seus avances na procura dos obxectivos.

Aprobados os orzamentos para o 2022 cun valor de 1,75 millóns

Os orzamentos aprobados polo Concello de Paradela con votos do PP e abstención do PSOE ascenden a 1.750.000 euros, este recolle unha parte para a creación de empresas motivando así aos pequenos empresarios e emprendedores da zona.

Tamén se contempla o gasto que suporá no 2022 o 200 aniversario da creación do Concello. O bicentenario cumpriuse no ano 2020 pero debido ao covid atrasouse a celebración, nesta instalárase unha escultura e haberá exposicións, homenaxes, etc.

José Manuel Mato explicou diferentes partidas, unha delas destinada as asociacións de Paradela que poderán realizar actividades culturais co obxectivo de facer parroquia e veciñanza.



Casa consistorial de Paradela

Cerca de 103.900 euros empréganse para a humanización de espazos públicos, tamén existen contas para a dixitalización do concello, acondicionar zonas naturais e adquirir terreos do

polígono. Esta última partida para o crecemento industrial do Concello é unha continuación da construción da nave que ofrecerá cinco espazos como viveiro de empresas.

O delegado do Goberno supervisa a restauración do lugar de Pena

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, destacou en Paradela que o Goberno está a rehabilitar o Camiño de Santiago ao paso por sete concellos da provincia de Lugo mediante un investimento de 3 millóns de euros.

Acompañado polo alcalde de Paradela, José Manuel Mato, e pola subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, José Miñones supervisou a rehabilitación do camiño francés ao paso polo lugar de Pena no que se están a investir preto de 600.000 euros. Este núcleo pertence á parroquia de Ferreiros e forma parte da etapa Sarria-Portomarín do Camiño Francés.

O proxecto de recuperación do núcleo tradicional da Pena céntrase na traza do Camiño de Santiago e na zona interior do núcleo. O delegado destacou que esta actuación combina “a restauración dos elementos tradicionais con outra de rehabilitación urbana de forma que se mellora a calidade de vida dos habitantes deste entorno”. Os traballos desenvólvense nunha superficie aproximada de 1.700 m² e inclúen a dotación dos servizos de abastecemento, saneamento, rede de pluviais e o soterramento dos tendidos aéreos de baixa tensión e alumeadado.

CAMIÑO. Este programa componse de 10 proxectos que se desenvolven en 10 concellos das provincias de



Visita do delegado do Goberno ao lugar de Pena

Lugo e da Coruña por onde pasa o Camiño Francés a Santiago. Na provincia de Lugo, o programa abrangue intervencións en Palas de Rei, Portomarín, Paradela, Sarria, Triacastela, Monterroso e Pedrafita do Cebreiro e na provincia da Coruña teñen lugar en Arzúa, O Pino e Melide.

Por outro lado, o delegado presentou as primeiras liñas de axuda do Goberno para apoiar a cohesión territorial dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en especial nos municipios de Reto Demográfico: “concellos que estamos a priorizar tanto en investimentos como en reformas normativas para loitar contra o despoboamento do rural. En Lugo, dos 67 concellos desta provincia, 59 pertencen á categoría de reto demográfico, entre eles, Paradela”, indicou.

En concreto, anunciou que Paradela

se beneficiará da convocatoria deste ano do Plan ÚNICO-Banda Ancha. A resolución do Ministerio de Asuntos Económicos inclúe a través de 47 conexións que permitirán o acceso a internet de alta velocidade a máis de 200 vivendas e empresas do Concello. Estas conexións súmanse ás que se están efectuando no marco do programa de banda ancha Plan PEBA, tamén do Ministerio de Asuntos Económicos, que permitirá levar este acceso de alta velocidade a 30 entidades de poboación do municipio.

Xunto á conectividade, a segunda liña do Goberno para o rural céntrase no desenvolvemento urbano sostible. Trátase da convocatoria do programa DUS-5000, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e que ten como obxectivo financiar proxectos de enerxías limpas.

“Na actualidade estamos cerca das 200 socias de varios concellos”

Rocío Domínguez é a presidenta da Asociación de Mulleres Rurais

De que se encarga a asociación?

Encargámonos de todas as actividades lúdicas, ou case todas que xorden no noso pobo e estamos sempre abertas a calquera idea que nos poidan aportar os veciños e tamén estamos sempre en estreita colaboración co Concello de Paradela co cal temos unha “simbiose moi especial”.

Teñen socias de Paradela ou de máis concellos?

Grazas á prensa e ás redes sociais a nosa asociación é coñecida en gran parte dos concellos limítrofes e agora mesmo temos socias de Sarria, Lugo, Saviñao, O Páramo e incluso da Coruña e o noso obxectivo é seguir medrando e darnos a coñecer en tódolos concellos de Galicia, polo noso ben facer.

Que actividades e servizos oferta?

Sempre tivemos unha oferta moi variada de actividades para tódolos públicos, pero nestes case dous anos de pandemia, viuse moi minguada a oferta polas restricións ás que nos vimos sometidas. Agora mesmo, respecto a cursos, temos pilates, dous días á semana e manualidades e pintura ó óleo, un día á semana. Tamén temos en mente ampliar a oferta con ximnasia de mantemento e algún outro curso no que estamos a traballar. Ademais destes cursos tamén facemos, no inverno, ceas-baile para celebrar fechas tan sinaladas como o magosto, entroido ou a cea da caza, onde colaboran con nós as cuadrillas de cazadores da zona. Unha vez que chega a primavera e o bo tempo empeza a asomarse, empezamos con domingos de excursións. Aparte das viaxes *domingueras* tamén empezamos este ano coa modalidade de “fin de semana”, fixemos unha viaxe a Cantabria e coñecemos lugares como Santander, Comillas, Santillana del Mar, Cabárceno e o pobo asturiano de Cudillero. Tamén facemos unha viaxe a Portugal tódolos anos, aproveitando a mañá para visita cultural e pola tarde visitamos unha feira típica do país veciño.

Que hai que facer para formar parte da asociación?

Pode facerse socia calquera muller, de calquera lugar, cunha achega anual de 10 euros, que se pon ó cobro nos meses de outubro e novembro e poñéndose en contacto previamente coa presidenta (Rocío) no número de teléfono 649240466 ou ca tesoureira (Mila) no 669849518, que lles explicarán as directrices á seguir, para formar parte dela. No momento que fagan efectivo o pago, incluíranse no grupo de WhatsApp da asociación, onde se informará en tempo real de tódalas actividades. Tamén pode visitarnos quen queira, no noso perfil de Facebook *Asc Mulleres Rurais Paradela*, onde colgamos fotos e anuncios de todas as nosas actividades.

Cales son os obxectivo da asociación?

Os obxectivos que nun principio se marcaron, están máis que superados, pois conseguimos que a xente dos pobos volvera xuntarse en eventos en común e non só do Concello de Paradela, senón doutros concellos veciños. Pero o que si temos claro é que todo se pode mellorar e traballamos día a día, incansablemente para que así sexa.

Como afectou a pandemia a súa actividade?

A pandemia afectou como en tódolos ámbitos, negativamente, pois debido ás restricións impostas tivemos un cese total de todas as nosas actividades, durante case dous anos, pero si temos que dicir que as nosas socias seguiron pagando a cota rigorosamente, como si a asociación funcionara ó 100%, porque o que todas tiñamos claro é que isto non ía facer desaparecer todo o traballo de tantos anos.

Cal é o punto forte da asociación?

Nós non temos un punto forte, ou así o pensamos as seis mulleres que formamos a directiva neste momento, simplemente escoitamos as propos-

tas das nosas socias e veciños e poñémolas en práctica na medida do posible, xunto coas ideas que a nós mesmas se nos ocorren.

Cantos socios ten na actualidade?

Na actualidade estamos cerca das 200 socias de diversos concellos e cada ano medrando un pouco máis gracia ás visualización do noso traballo en prensa, redes sociais e o boca a boca da xente.

De que estades máis orgullosas?

Sen lugar a dúbidas das nosas socias, non podían ser mellores, sempre dándonos ánimo para seguir e alabando cada actividade nova que sae á luz. Elas sempre dispostas para axudar en todo o que nos faga falta. E non podemos esquecernos dos veciños e do noso Concello, que sempre está disposto a colaborar con nós.

Cal é a data máis sinalada do ano?

A data máis sinalada do ano é a cena anual de socias que se celebra no mes de outubro. Esta é a única actividade na que soamente teñen cabida as mulleres socias, ou aquelas que se queiran integrar con nós.

Cada ano celébrase nun restaurante diferente, da nosa localidade, porque se algo temos claro nesta formación é que é primordial o apoio ó comercio local.

Queremos deixar claro que esta é a única actividade exclusivamente adicada ás socias, xa que tódalas outras actividades están abertas a calquera persoa, home, nenos ou muller, sexa ou non do noso concello.

Que supón esta Asociación para Paradela?

Supón unha inxección de dinamismo tanto social como culturalmente falando, xa que volvemos a activar moitas costumes perdidas entre os veciños, algo tan importante como a convivencia entre outros valores que se estaban a esquecer.

Fai anos esta tarefa facía unha asociación que era a máis antiga que se



Milagros e Rocío, tesoureira e presidenta da Asociación

recorda no concello, a Asociación Cultural “O Barrido” que fai uns anos deixou a súa actividade despois de ser a forza dinamizadora alá polo anos oitenta.

Un dos nosos retos é volver a poñela en marcha para que os homes poidan ter unha asociación de referencia, xa que a Asociación de Mulleres non contempla nos seus estatutos a posibilidade de que os homes poidan ser socios, e así traballar de maneira conxunta as dúas asociacións.

Cal é anécdota que recordades con máis agarimo?

Parece increíble, pero a pandemia tróxonos a anécdota máis agarimosa que poidamos vivir en pouco máis dunha década de vida da asociación. Transcorre nunhas festas máxicas, o Nadal, e máis máxico se cabe, o día de Reis. Como estabamos en época de moitas restricións pola covid-19, a normativa non nos permitiu facer a cabalgata de Reis, como tódolos anos, pero nós, que sempre buscamos unha saída ante calquera obstáculo que se nos poña no noso camiño, decidimos que os nenos de Paradela non ían quedar sin ver ós Reis Magos e moito menos sen agasallos. Puxémonos en contacto coa anpa do colexio de Paradela (que xa viña colaborando con nós na celebración de Reis) e co Concello, e tamén se sumou á causa a empresa local de Autocares Manolo quen nos ofreceu os seus servizos de maneira desinteresada e aí xurdiu a idea. Puxémonos en contacto coas Maxestades de Oriente e nunha furgoneta Real, fomos visitando tódolos nenos do Concello, un por un e pobo por pobo. Desta maneira podemos contribuir á ilusión dos cativos de re-

coller os agasallos das mans de Melchor, Gaspar e Baltasar.

Que función ten a asociación nas mulleres do rural?

Non temos unha función destacada en si sobre da muller, senón intentamos atender á demanda de calquera persoa sea home ou muller, e fomentar a convivencia entre persoas sexan do xénero que sexan.

É un grupo que dá forza á sociedade debido á represión e violencia que sofren?

É un grupo que da forza á sociedade ante calquera tipo de represión ou acto violento, sexa violencia de xénero ou calquera outro tipo de violencia. Sentimos unha gran repulsa ante calquera acto violento á sociedade na que vivimos, estando sempre dispostas a poñer o noso gran de area nesta loita. Loitamos pola igualdade das persoas.

Tedes algunha actividade programada para o Nadal?

Si, nós tamén pensamos nos nosos cativos e en persoas tan vulnerables como as persoas maiores de noso concello. Por iso, o día 6 de Xaneiro, en colaboración co Concello e ca ANPA, faremos unha cabalgata de Reis polas rúas do noso pobo, posteriormente visitaremos a Residencia de Maiores para entregarlles ós nosos avós e traballadores da residencia, un roscón de Reis e a continuación farán entrega dos agasallos ós nenos, fotos cos Reis. Máis tarde haberá unha actuación infantil, que aínda está por concretar, e unha merenda para nenos, pais e avós.

Que función fan como asociación na sociedade?

A nosa función ademais de lúdica é cultural e a que os nosos veciños nos demanden, porque de sobra saben que estamos aquí para atender as necesidades de todos eles e intentar resolvelas no que estea nas nosas mans. Dende aquí queremos agradecer a tódolos veciños e veciñas, socias e Concello, todo o apoio que nos dan cada día. Eles son o motor desta gran familia e sen eles, e o seu apoio incondicional esta asociación non existiría. Gracias a todos e todas en nome da directiva da Asociación de Mulleres de Paradela.



Imaxes de dúas das actividades organizadas pola asociación de Mulleres Rurais

Instalan contedores para a recollida de aceite

O Concello de Samos segue a mellorar os servizos que ofrece aos veciños. Nesta ocasión encargouse de instalar tres contedores para a recollida de aceite.

O aceite usado, sobrante de fritir alimentos é habitual que se tire polo sumidoiro. Este é un erro moi grave xa que o aceite doméstico usado pode causar importantes danos medioambientais. Non só atasca tubos e redes de sumidoiros, senón que o aceite que acaba en ríos e océanos ten un gran valor contaminante e dificulta o intercambio de osíxeno danando o ecosistema dos animais mariños. O aceite depositarase no contenedor en botellas de plástico.

Estos cambios súmanse ao cambio



do tellado da biblioteca, ao Pasen en Renche e aos novos colectores do lixo instalados no Concello.

O Concello de Samos instala novas pasarelas para cruzar o río

Co obxectivo de mellorar as infraestruturas para garantir o ben veciñal, o Concello de Samos realizou as reparacións das pasarelas que cruzan o río. Esta actuación promove unha mellora na contorna do río un atractivo turístico da zona que acondiciona o lugar.

Estas vías dotan aos veciños e peregrinos de seguridade á hora de realizar un paseo polo río, fomentando o exercicio e a vida saudable. As obras enmárcanse no programa de melloras do Concello na que tamén se atopan as recentes obras da biblioteca onde se cambiaron portas, ventás e cuberta. As obras da biblioteca contan



Novas pasarelas no río Samos

cunha achega de 21.500 euros da Xunta. Neste tipo de axudas priorízanse os concellos con menor poboación para facilitar o reequi-

librio territorial tamén neste eido, procurando que toda a cidadanía teña as mesmas oportunidades de acceso á cultura.

Aberto o proceso de selección dun administrativo

O Concello de Triacastela ven de publicar as bases que rexen o proceso de selección dun administrativo/a financiado con cargo ao Programa de Fomento de Emprego 2021 da Deputación Provincial de Lugo. Por Decreto de Alcaldía de 17 de novembro do 2021, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación dun traballador a xornada parcial para o posto de Administrativo ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade ao Plan Provincial Único de Cooperación

cos concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo. A duración do contrato será de 10 meses. As solicitudes entregaranse en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres no Rexistro Xeral ou na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>. As bases específicas da convocatoria poden consultarse no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela ou na sede electrónica. Este proceso selectivo está exento de tazas.

A Casa Niño vístese de Nadal

O Nadal é unha das datas máis esperadas polos máis pequenos por todo o que esta festividade conleva. Decoración, luces, agasallos, vacacións, tempo en familia, etc.

Na Casa Niño de Triacastela comezaron os preparativos e montaron unha árbore de Nadal cos máis pequenos da zona co fin de manter o espazo decorado e con ambiente festivo. Ademais, fíxose a través dunha actividade que promove a psicomotricidade fina, a xestión de recursos e o traballo en equipo.

A Casa Niño Entrepeques é o servizo gratuito de atención á infancia de 0 a 3 anos de idade no Concello de Triacastela subvencionado pola Xunta de Galicia e FEDER (Fondo Europeo



de Desenvolvemento Rexional). Este tipo de iniciativas axudan na conciliación familiar e laboral do Concello.

triacastela



Núcleo urbano da Balsa

Destinan 603.000 euros para a rehabilitación do núcleo da Balsa

A Balsa será reacondicionada polo Goberno central que tamén actuará no entorno da capela de San Antonio, situado no Camiño Francés.

O Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana (Mitma) adxudicou as obras de recuperación e posta en valor do núcleo rural tradicional desta localidade de Triacastela.

Estas obras enmárcanse no programa de intervencións de interese cultural no Camiño de Santiago en Concellos de Lugo e A Coruña.

As melloras na capela de San Antonio incluírá un sistema

de drenaxe perimetral para impedir que as augas afecten de forma negativa aos muros do edificio de culto, tamén se proxecta a construción dunha praza pequena na contorna da Igrexa. As actuacións na Balsa serán principalmente a dotación de servizos xerais como o soterrado de cables e a mellora dos pavimentos, muros, pontes e elementos característicos que se atopan no Camiño de Santiago.

Dez meses é o prazo máximo de execución polo que o renovado de cara desta localidade estará lista antes de finalizar o próximo ano.

O Partido Popular, en contra da subida do IBI en Samos

O PP expresa a súa total oposición "ao intento do goberno de Samos de pasar de aplicar un gravame do 0,30 no IBI de rústica ao 0,65".

Afirmar que "os gobernos socialistas teñen unha inmoderada tendencia a recorrer ao procedemento de subir os tributos xa existentes ou crear outros novos. O alcalde de Samos non é unha excepción e agora quere recadar máis en concepto de Imposto de Bens Inmóveis mediante o incremento do gravame aplicable en rústica, que pasará, se sae adiante a proposta do goberno, do actual 0,30 a 0,65, é dicir, máis do dobre".

O portavoz popular en Samos, José Fernández, anuncia a oposición do PP a esta medida e esixe que se manteña o gravame actual. Acusa ao alcalde de ter un desmedido afán recadatorio, que non se corresponde en absoluto coa calidade dos servizos que reciben os veciños. Por outro lado, o popular José Fernández pide explicacións ao goberno local polo feito de que durante tres anos (2019, 2020 e 2021) o servizo de recadación da Deputación aplicase indebidamente o 0,65 aos recibos do IBI de rústica.

Fernández sinala: "É un despropósito tomar unha medida como esta xusto cando é preciso favorecer a recuperación de todos os sectores produtivos e da economía das familias tan prexudicados pola crise económica debida á pandemia". Engade: "Unha medida como esta só se pode entender dende un incontrolado afán recadatorio, afán que non se corresponde en absoluto coa calidade dos servizos que reciben os veciños".

AGRO

Folga e boicot dos gandeiros

Manifestáronse en dúas ocasións ante Larsa e Lactalis mentres o SLG reclama á Xunta un apoio ao sector. Agromouralla anuncia unha folga

Os gandeiros volveron manifestarse en Outeiro de Rei ante a sede de Larsa polos baixos prezos que se están a pagar do leite en orixe.

Xunto a unhas pancartas os gandeiros subliñaron “os abusos” que se están a producir polas industrias lácteas como complemento a outra concentración similar realizada a ante a sede da outra láctea, Lactalis.

“Os prezos do leite están subindo en Europa, pero non en España e, menos aínda, en Galicia. Os datos do propio Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación de España apuntan que as granxas non cubren custos, e así nolo recoñeceu o número dous dese departamento hai escasos días. Esperamos que o goberno cumpra co anunciado e impulse canto antes inspeccións e sancións para facer cumprir a Lei de Cadea”, explicaron nun acto no que queimaron tamén pneumáticos e palla.

Os gandeiros anunciaron tamén que promoverán un boicot precisamente contras estas dúas empresas lácteas, Lactalis e Larsa, que recollen un 35% do leite que se comercializa en Galicia, se estas non aumentan os prezos de compra en orixe.

O obxectivo é que “as persoas consumidoras coñezan os abusos e ilegalidades que hai detrás das marcas que mercan”, din.

SINDICATO LABREGO GALEGO. A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Isabel Vilalba, urxe á Xunta de Galicia que saque unha liña de axudas “inmediatas” para frear a crise do sector lácteo e dos gandeiros galegos.



Imaxe dunha das concentracións ante as lácteas

Vilalba asegura que “ten que haber actuacións inmediatas” e pon o exemplo de “outros territorios” como Cantabria, que “acaba de sacar unha liña de axudas para as granxas tanto de leite como de carne ou o País Vasco, que sacou liñas de axuda para sectores gandeiros”, explicou.

“Aquí en Galicia non hai movementos, están a explicarnos a Conta Láctea que non deixa de ser unha programación de xestión, que é unha forma de entreterernos”, reprochou. “O sector está a lanzar unha chamada para que se actúe, existe bastante frustración porque non vemos respostas aos problemas”, abundou. Isabel Vilalba tamén confirmou que se remitiron cartas “ás principais industrias recogedoras”, á vez que lamentou que “en canto ás empresas lácteas está todo moi bloqueado”.

Vilalba queixouse da resposta dalgunha destas industrias, que “sorprende, aínda cando argumenta que no tema de prezos hai dificultades para abordalo pola competencia”.

“É unha perversión porque aquelas empresas que din isto foron mesmo condenadas por participar no cártel do leite”, recalcou.

Unha das empresas á que se dirixiu o Sindicato Labrego Galego foi a Lactalis que, fronte a unha subida de catro céntimos que se expón por litro para o produtor lácteo, a industria realiza un incremento de “medio céntimo”.

AGROMURALLA. Agromuralla, dentro da Plataforma de Gandeiros Lácteos Unidos, anunciou unha folga de entregas de leite se as industrias lácteas non pagan aos gandeiros como mínimo o custo de produción, estimado en máis de 0,41€/litro antes do día 15 de decembro, os gandeiros de leite irán á folga.

Reunidos en Valencia de Don Juan (León) o pasado 3 de decembro, gandeiros de toda España decidiron que “ante a grave situación que atravesamos o sector lácteo neste país, a única opción que queda, é a folga indefinida de entregas”.

Piden medidas urxentes contra o mal que afecta aos castiñeiros

A deputada socialista Carmen Rodríguez Dacosta reclama á Xunta de Galicia que “con urxencia” adopte medidas para evitar ou mitigar o mal que está a afectar a boa parte das plantacións de castiñeiros das provincias de Ourense e de Lugo e que “ameaza con botar a perder o 70 por cento da colleita deste ano”. Neste contexto, a parlamentaria do PSdeG reiterou súa preocupación por unha situación que está a afectar a “unha actividade fundamental” e que xera “ingresos vitais para a dinamización socioeconómica desas zonas”.

Carmen Rodríguez Dacosta lem-

brou que as persoas produtoras de castaña destas dúas provincias confiaban en que a colleita deste ano fóra “excelente”, pero “a situación mudou a partir do verán”. Nesta liña, sinalou que o sindicato Unións Agrarias alertou da “incerta situación do sector” polos síntomas que evidenciaban que “estas árbores estaban afectadas por unha enfermidade foliar, o que está a provocar a perda do froito”.

Polo miúdo, indicou que os castiñeiros enfermos se detectaban en Viana do Bolo, Riós, A Gudiña, Vilariño de Conso e A Mezquita, cunha situación similar ao que xa aconteceu



en Valdeorras, e “estiman unhas perdas entre o 70 e o 80 por cento da produción”. A maiores, o problema non so implica perdas este ano, senón que “soutos centenarios están secándose dende a parte alta e pode ser que morran se non se encontra unha solución axeitada”.

Comeza o pagamento das axudas da PAC

A Xunta, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), comezou a facer efectivo o pagamento de máis de 127 millóns de euros das achegas da Política Agraria Común (PAC) correspondentes á campaña 2021-2022. En total, serán máis de 110 millóns de euros de axudas directas e outros 17 millóns do pago de desenvolvemento rural destinado a zonas con limitacións naturais. Estes pagamentos beneficiarán, en conxunto, a máis de 25.000 agricultores e gandeiros da nosa comunidade.

En concreto, no marco das achegas directas que comezarán a aboarse este venres, inclúense 62,3 millóns de euros do pago básico, 31,8 millóns do pago verde, 7,7 millóns para vacún de leite, 3,5 millóns de euros para vacún de carne, case 2,4 millóns para pequenos agricultores e, por último, 2,2 millóns para agricultores mozos.

Canto ao pago de desenvolvemento

rural correspondente a zonas con limitacións naturais, ingresarán dende o venres 9,2 millóns ao abeiro da submedida de montaña e outros 8 millóns pola submedida de zonas distintas de montaña.

Cómpre lembrar que o Fogga xa anticipara en outubro 37 millóns de euros das liñas de vacún de leite e vacún de carne, polo que o total de cartos aboados polo organismo sumando esta segunda xeira de pagos se eleva aos 164 millóns.

Así, un ano máis, Galicia situouse entre as primeiras comunidades autónomas que pagou anticipos das axudas da Política Agraria Común (PAC), tras a realización de todas as comprobacións administrativas e dos controis obrigatorios sobre o terreo. Este organismo pagador, adscrito á Consellería do Medio Rural, efectúa o pago do 70 % da axuda total, o máximo establecido pola Comisión Europea.

O PSOE di que a Xunta incumpre os acordos en política forestal

A portavoz de Agricultura do Grupo Socialista, Carmen Rodríguez Dacosta, denunciou o incumprimento por parte da Xunta dos acordos acadados en 2017 plasmados no ditame da Comisión de Estudo da Política Forestal, dos Incendios Forestais e do Plan forestal de Galicia. Rodríguez presentou unha proposición non de Lei en Comisión para reclamar o cumprimento do texto asinado e aprobado no Parlamento, que foi rexeitada polo PP.

A socialista criticou que o goberno galego “só funciona por arroutas, por impulsos e ocorrencias” e urxiu á “necesaria planificación e ordenación dos recursos forestais da nosa Comunidade Autónoma”, que supoñen as dúas terceiras partes da superficie total de Galicia. Reclamou “unha verdadeira ordenación integral e real do medio rural acorde coa normativa”, que garanta a “planificación do solo forestal, en sinerxia cos actuais distritos forestais”.

Alerta da “situación de debilidade de partida para o noso rural, posto que gran número de propietarios forestais descoñecen onde están ubicadas as súas parcelas, e outras moitas aparecen como de propiedade descoñecida”. Explicou que o 97

por cento das 2 millóns de hectáreas forestais son de propiedade privada, o 30 por cento de propiedade colectiva e o 70 por cento individual.

De aí, sinalou, “a necesidade de instar á Xunta a resolver este grave problema”, utilizando medios acaídos, coa elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais –PORF– en cada un dos 19 distritos de Galicia, tal e como figuraba nas conclusións da dita Comisión, que tamén contemplaba a aprobación do Pladiga por decreto.

Carmen Rodríguez explicou ademais que os PORF deberán especificar a delimitación territorial, as características socioeconómicas da zona, a descrición e análise dos montes e os seus recursos ou os aspectos xurídico – administrativos da propiedade forestal. Tamén inclúe o establecemento de modelos silvícolas orientativos, a zonificación por usos do territorio, a planificación de accións e os criterios de control, seguimento e avaliación do plan.

Reclamou a adecuación dos plans de prevención contra os incendios forestais á normativa vixente e o establecemento dos comités forestais de distrito como mecanismos de participación activa dos axentes forestais.

COLABORACIÓNS

Marchou Darío

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A actualidade é a que manda e condicionan a un á hora de escribir o correspondente artigo. O tema para o último número do xornal Terrachaxá decidiuse o dezasete de novembro, cando nos enteramos dunha nova que sorprendeu a case todos, como foi o pasamento do escritor Darío Xohán Cabana. Nas horas posteriores, moito se dixo del, todo bo, todo merecido, sen ningunha dúbida. E foise demasiado axiña, aínda que nunca adoita ser tarde para esa viaxe

definitiva, deixando tocada a Literatura Galega e o conxunto da sociedade luguesa.

Darío naceu na parroquia de Roás. De pais labregos, estes eran republicanos e progresistas, nada menos, toda unha declaración de intencións na Galicia Rural da época e tamén da actual. Na súa casa había máis libros cá na do cura, adoitaba dicir, de aí que o seu amor polas letras xurdise case ó mesmo tempo que empezou a falar. No sangue levaba ese carácter inconformista e loitador, sempre a prol dos seus, cunha defensa a ultranza dos de abaixo, daqueles ós que a sorte non lles era favorable. Comprometido ata o último suspiro co Idioma, coa Cultura e co País, non eludiu responsabilidades

e desde moi novo tivo unha militancia política moi significativa, amosando o seu patriotismo galego caracterizado por unha enorme coherencia.

A súa bagaxe como autor durante a súa vida foi enorme; ademais de publicar numerosas obras, cultivando tanto a poesía como a narrativa, algunhas delas con premios literarios importantes, Cabana foi quen de traducir clásicos italianos como A Divina Comedia, de Dante, á lingua galega. Dos seus libros, permítome destacar Galván en Saor (1989), unha novela recreada en Roás –escrito Saor ó revés–, na cal se mistura a fantasía, o amor e a aventura, contado dunha maneira tal que nos transporta a un

mundo imaxinario e apaixonante que el foi quen de contar coma ninguén.

Aparte da súa faceta literaria, tan prolifera e merecidamente recoñecida, Darío era un personaxe de doada identificación; non pasaba desparcibido o seu porte e o seu aspecto físico tan propio. Foi un servidor público, acentuando o seu bo facer como empregado do concello de Lugo, onde a súa profesionalidade e dedicación deixaron pegada. El nunca esquecía as súas orixes, volvendo a esa Terra Chá que o viu nacer, igual que un veciño máis, sempre próximo, humilde e xeneroso.

Como anécdota, sinalar que Darío Xohán Cabana foi o invitado de honra na sesión de graduación

na Facultade de Humanidades en dous mil dez, promoción da que un formou parte xunto a un conxunto de estudantes veteranos, os cales fixeramos grupo co resto de alumnos convencionais, loxicamente moito máis novos. Darío no seu discurso loubou esa xuventude que viaxaba, que dominaba idiomas, aventureira, unha xeración moi preparada e que se agardaba moito dela. Pero recalculles a aqueles mozos e mozas que eles e elas non eran máis importantes que unha caixa dun supermercado ou que calquera outro empregado. Que nunca esqueceran iso. Palabra de xenio. El sempre o tivo presente, de principio a fin. Que a Terra lle sexa leve.

Enheduanna

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Hai unhas semaniñas estiven no Culturgal, a feira das industrias culturais que se celebra anualmente durante o inverno na cidade de Pontevedra. O proxecto comezou a súa andaina en 2007 e as primeiras edicións tiveron lugar na Coruña. Persoalmente era a primeira vez que asistía a este evento e teño que dicir que repetiría encantada! Poder disfrutar durante unha fin de semana e nun mesmo espazo da exposición de tantas novas creacións tan variadas e xeniais, e ademais, poder disfrutar en moitos casos das reflexións dos/das propios/as autores/as; en fin, pura fantasía para calquera, e en especial, para unha humanista convencida coma min.

Presentacións de libros, entrevistas con autores/as destacados/as da nosa literatura como Leticia Costas, Manuel Rivas e un longo etcétera, mostra de artes plásticas cos seus creadores, proxeccións de películas e documentais, concertos, encontros con persoeros moi variados do eido cultural no “Espazo Foro”; en definitiva, cultura en vea e a discreción. Mesmo pasadas xa unhas semaniñas, cóstame asimilar todo o que vin e

escoitei alí.

Lembro con especial emoción a presentación dunha revista cultural chea de singularidade: “Mujerart Magazine”. Adicada ás mulleres, á arte e á historia, este fermoso proxecto “nace despois de moitas cavilacións, de ler, de investigar e de querer descubrir e non atopar respostas. Xorde cun desexo inequívoco; dar ás mulleres creadoras e artistas un espazo para o seu descubrimento, queremos remover a historia, traer de volta a aquelas que tanto se mentaron e que se foron sen facer ruído e ás nosas contemporáneas, todas elas mulleres creadoras e artistas, loitadoras a contra corrente e con todo xenerosas na súa creación.” Sen dúbida, unha revista cuns ideais moi claros e fortes que combina orixinalidade e calidade a esgalla. Todo un exemplo de compromiso feminista, tan necesario no mundo.

Durante a presentación de “Mujerart Magazine” no Culturgal, Beatriz López -editora da revista nomeou a tres mulleres moi destacadas da Historia, portada cada unha delas dos tres primeiros exemplares: Enheduanna, María Pérez “La Balteira” e Frances Benjamin Johnston. Unha escritora, unha soldadeira e unha fotógrafa que ademais de compartir excepcionalidade “en feminino”, foron pioneiras nas súas respectivas áreas de traballo.

Enheduanna viviu no século XXIII a.C. na antiga Mesopotamia e é amplamente considerada como a primeira persoa na historia en crear obra literaria propia. Ademais de escritora de prosa e poesía, foi princesa e sacerdotisa. De feito, foi a sacerdotisa maior da deidade lunar “Nanna Suen” no seu templo de Ur (actualmente, sur de Iraq). O labor celestial desta muller queda reflectido no seu nome que literalmente significa “ornamento do ceo”. Foi unha escritora prolífica como demostra a súa colección de 42 Himnos, destacando os dous adicados a “Inanna”, deusa mesopotámica do amor. Os seus escritos son profundamente persoais e conteñen numerosos datos biográficos, incluso aparecen reflexións sobre as dificultades do proceso creativo, é dicir, que xa na antiga Mesopotamia coñecían o “síndrome da páxina en branco”. As obras de Enheduanna foron escritas en cuneiforme, unha antiga forma de escritura que usaba táboas de arxila. Lamentablemente só sobreviviron copias que se fixeron preto do ano 1800 a.C., pertencentes ao período paleobabilónico e posterior.

De María Pérez “La Balteira” coñecemos moi poucos datos, tanto da súa traxectoria persoal como artística. Sabemos, grazas a un documento firmado co Mosteiro de So-

recibiu sepultura-, e a numerosas mencións nas cantigas de escarnio; que naceu en Armea, concello de Coirós (A Coruña) no século XIII e que foi unha soldadeira, trovadora e xograresa moi afamada na corte de Afonso X O Sabio.

Por último temos a Frances Benjamin Johnston (1864 – 1952), considerada a primeira muller

fotoreporteira. Cunha traxectoria profesional impresionante, esta fotógrafa norteamericana viaxou e retratou medio mundo, dende presidentes a escritores pasando por exposicións universais e tratados de paz.

Tres mulleres, tres vidas extraordinarias anegadas de talento infinito. Bravas.

ELISARDO BARCALA



DEPUTACIÓN

O Pleno aproba un orzamento de 100 millóns de euros

O Pleno da Deputación aprobou este martes o Orzamento da institución provincial para o vindeiro ano 2022, que supera os 100M€. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, subliñou na sesión plenaria que os presupostos “están feitos dende o rigor, por un Goberno sólido que ten un proxecto moi claro para a provincia, e que están pensados para seguir mellorando e ampliando os servizos públicos, sobre todo no rural, e continuar apoiando a recuperación económica da provincia, en colaboración cos concellos e co tecido social e económico”. “Para elo”, explicou, “reforzamos as catro grandes liñas de actuación que temos marcadas dende o inicio do mandato: políticas sociais, cooperación cos concellos, apoio aos sectores produtivos e mellora da mobilidade”.

A Deputada lembrou que estes Orzamentos son os máis altos da última década, e cualificounos como “claramente investidores e sociais”, porque os capítulos que máis suben son os de investimentos reais, transferencias de capital e gastos en bens e servizos, ademais das partidas vinculadas ás políticas sociais.

No seu conxunto, o presuposto sube en máis de 7,7M€, o que supón un incremento superior ao 8% con respecto aos deste ano 2021, sobre todo debido ao aumento das achegas do Estado, que medran en 6M€. Así mesmo, a Deputada de Economía destacou que os Orzamentos sometéronse a debate e aprobación

“en tempo e forma para que poidan entrar en vigor a principios do mes de xaneiro, unha prioridade que nos marcamos como Goberno porque só así son realmente útiles e eficaces para a provincia”.

POLÍTICAS SOCIAIS. A Deputación de Lugo dedica máis dun terzo do total do Orzamento a Políticas Sociais, “que son xa un sinal de identidade desta institución”, explicou Mayra García. Son 34M€ -aumentando máis dun 12% respecto ao ano pasado-, destinados a servizos sociais e benestar, igualdade, cultura, deportes, mocidade, memoria histórica, emprego ou educación.

O maior incremento prodúcese no caso dos Centros de Atención a Maiores, cun 20% máis de orzamento que neste ano 2021, ata acadar preto de 10M€, porque “continuamos despregando a rede provincial de residencias públicas”, explicou a Deputada.

A previsión do Goberno provincial para o ano 2022 é poñer en marcha as residencias de Navia de Suarna e Ribas de Sil, ademais de continuar traballando noutros proxectos que están marcha, como os da Pontenova, Portomarín, Guitiriz, Becerreá, A Pobra do Brollón, Ourense, Folgoso do Courel ou Ferreira de Pantón.

A Deputada de Economía lembrou que a Xunta de Galicia continúa sen aportar recursos económicos, nin para a construción, nin para o funcionamento das residencias provinciais. Xunto aos centros de maiores, no

Orzamento do ano 2022 contan con dotación de recursos o servizo de Telesistencia Domiciliaria e o Servizo de Axuda no Fogar, con 2M€, neste caso a través do Plan Único.

Tamén no eido das Políticas Sociais, a Deputada de Economía destacou que o vindeiro ano mobilizaranse 9,4M€ para emprego, un 5% máis ca este ano.

COOPERACIÓN. “Nestes dous anos que levamos gobernando reforzamos o papel da Deputación como unha administración fundamental para achegar servizos ós veciños a través da cooperación cos concellos”, asegurou a Deputada. O principal instrumento de cooperación da institución provincial, o Plan Único, está dotado con 11M€ no Orzamento, que se elevarán ata os 21,5M€ coa incorporación de remanentes, como se fixo ata agora.

A Deputada confirmou tamén que a institución provincial seguirá concorrendo de maneira directa ós fondos europeos para impulsar a recuperación social e económica, en colaboración coas entidades locais.

SECTORES PRODUCTIVOS. A titular da área de Economía, Recadación e Facenda subliñou que o apoio aos sectores produtivos estratéxicos da provincia de Lugo e a aqueles que máis sufriron e sofren o impacto da pandemia é outro dos piares dos Orzamentos do 2022. Desta forma, a Deputación continuará co Plan de Impulso da Economía da Provincia.



PREMIO COGAVE. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi distinguido co premio Crer no Movemento Veciñal que lle entregou a Confederación Galega de Asociacións Veciñais (Cogave).

Destacou a subida dun 23%, ata os 3M€, das partidas destinadas a accións e proxectos de apoio ao sector primario, entre elas, a Granxa Gayoso Castro, que contará cun orzamento superior ós 1,7M€, un 12% máis ca este ano.

En canto aos fondos para turismo, suman 3M€ para continuar potenciando “outra das actividades estratéxicas da nosa provincia”. Mayra García destacou o servizo de rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra, ademais do apoio económico que dará a Deputación de Lugo á Mancomunidade de Municipios da Mariña e ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para levar a cabo os Plans de Turismo Sostible que lles concedeu a ambas entidades o Ministerio de Turismo.

Tamén incidirá nas partidas vinculadas coa conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible, que superan os 4M€, un 20% máis ca neste ano 2021.

Como proxecto destacado en relación co turismo e co medio ambien-

te, a Deputada aludiu ao Parque Central de Galicia, un gran espazo público que está creando a Deputación para poñer en valor o centro xeográfico galego, en Nugallás, en Antas de Ulla, e que será unha realidade o vindeiro ano.

MOBILIDADE. O Goberno provincial demostra no presuposto que a mellora da mobilidade é unha prioridade. Suben un 7% o investimento en estradas, ata chegar aos 17,3M€, destinados a tarefas de mellora, desbroce, conservación e mantemento da rede viaria provincial, a máis extensa de todo o Estado e tres veces maior ca da Xunta en Lugo.

Por outra banda, na sesión plenaria deste martes, tomou posesión como Deputado José Fernández Vázquez. O concelleiro de Samos polo Partido Popular releva así a José Antonio García. Fernández Vázquez prometeu o seu cargo sobre a Constitución e recibiu o diploma acreditativo e unha réplica da medalla que distingue aos representantes provinciais.

Urxen á Xunta a reformular a Atención Primaria e impulsar os xeodestinos

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a reformular a Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde (Sergas) co obxectivo de que sexa máis eficiente en canto á atención á veciñanza e á xestión.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, explicou que dende hai un tempo existen numerosas reivindicacións e queixas por parte de pacientes e traballadores pola deficiencia de recursos materiais e humanos “froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular na Xunta de Galicia e, no seu momento, polo Goberno de España”. Indicou que “Galicia afronta a situación cun problema de persoal

grave no sistema sanitario público” e engadiu que “temos sensación de desatención ante a precariedade da nosa sanidade”.

A administración provincial insta a que se reforce o cadro de persoal con máis especialistas e pide a mellora das condicións de eventualidade para os profesionais do Sergas, facendo contratos máis estables. A voceira socialista do Goberno tamén puxo o foco en que se debería implantar unha xerencia de atención primaria en cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI), dotándoa de recursos e autonomía de xestión, á vez que se promova a conexión entre os ser-

vizos de saúde mental e a atención primaria.

No Pleno tamén saíu adiante unha proposta socialista para instar á Administración autonómica a abrir un proceso de diálogo cos concellos e deputacións para clarificar a situación real do actual mapa de xeodestinos.

“Queremos que o mapa que se acorde ou se aprobe en colaboración cos concellos teña un carácter oficial e teña o visto bo do Parlamento e se publique no Diario Oficial de Galicia, como pasos previos para actualizar a información oficial na web de Turismo de Galicia”, explicou a voceira socialista do Goberno.

Arranca a nova campaña para animar as compras no comercio local na provincia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, mantivo un encontro co secretario Xeral para o Reto Demográfico do Goberno de España, Francesc Boya, no Centro de Atención a Maiores de Castroverde, co fin de mostrarlle in situ o modelo asistencial ás persoas maiores que a institución provincial ten implantado en colaboración cos concellos como unha “verdadeira medida de apoio ao rural, unha acción real para fixar poboación nas nosas aldeas e pobos e, polo tanto, unha iniciativa eficaz para afrontar o reto demográfico”. O presidente subliñou que na Deputación de Lugo “convertemos unha

situación adversa, como é a alta taxa de envellecemento da provincia, nunha oportunidade de desenvolvemento sostible, grazas a un modelo asistencial ás persoas maiores que garante o benestar e tranquilidade dos residentes e das súas familias, favorece o arraigo, e crea emprego e actividade económica”.

Con respecto ó benestar e tranquilidade dos usuarios, José Tomé explicou que este obxectivo é posible porque o modelo de xestión provincial é 100% público, polo que pon ás persoas no centro da atención. Así mesmo, lembrou, “a atención é practicamente personalizada”.

DEPORTES

“Seguimos pelexando sempre cos pés no chan pero mirando para arriba”

Falamos con Rubén Bergantiños, actual adestrador e ex xogador do Paradela

Como naceu o SD Paradela?

O Paradela naceu pola década dos 80 (1981) foi cousa de José Manuel Mato o actual alcalde de Paradela e a xente da zona que estaba preocupada por facer deporte. Daquela a sociedade era un pouco distinta. A raíz dun conto de taberna xurdiu a Sociedade Deportiva Paradela.

Cantos socios ten na actualidade?

Pasa dos 300 socios, sufriu un aumento exponencial nos últimos 3 anos e quere seguir medrando.

Para que serve ser socio?

Hai varias modalidades. A xente que pon a pancarta no campo aporta 100 euros ao ano. Hai o socio familiar que serían 50 euros anuais e hai o socio normal, unitario, que serían 30 euros. Isto conleva a entrada gratuíta ao campo, o apoio ao equipo e ao final do ano celébrase unha cea de socios na cal o socio de 30 terá unha comida gratis, o de 50 euros terá dúas comidas e o de 100 euros tamén dúas.

Cantos logros ten o club?

A nivel de logros, eu mesmo como xogador estiven no que eu creo que foi o máis importante xa que é un club pequeniño pero creo que o máis importante foi o ascenso alá pola temporada 98-99 ou 99-2000 que se ascendeu a primeira rexional. Foi o ano que máis arriba estivo e a alegría foi un pouco efémero porque solo durou un ano.

Cal é o obxectivo do equipo?

Crecer e seguir crescendo. A subida foi exponencial en canto a masa social. Arranxouse o campo que é unha das enxexas da provincia. É de herba natural e contamos con

outro de herba artificial máis pequeno para adestrar. O obxectivo é seguir crescendo. Conseguiuse o ascenso a segunda antes da pandemia, cando chegou a pandemia xa nos trincou un pouquiño e agora aquí seguimos pelexando sempre cos pés no chan pero mirando para arriba.

Quen é o máis veterano?

Temos unha mestura de xente nova e xente veterana e a nosa intención é que sexa xente da vila. O máis veterano é o capitán Javier que leva 15 anos no club.

Como cualifican a traxectoria do equipo durante este tempo?

Como puntos fortes destaco que nos últimos tres anos hai unha directiva forte e potente que está traballando moitísimo para ter todas as facilidades. Empeza a haber un corpo técnico máis preparado, máis amplo e mellorando tamén as instalacións. Agora xa non hai que convencer á xente para que veña a xogar en Paradela, a xente ven de moi boa gana. Como debilidades que a pesar de todo eso as instalacións seguen sendo pequenas a nivel vestiario, non temos ximnasio e faltan cousas para ser un pouco máis “elite”.

Como afectou a covid ao equipo e aos seus xogadores?

Como campionato a división en dúas categorías fai que no noso caso non teñamos derbis. Aínda que vendo como vai a clasificación o equipo máis en forma pode que sexa o Becerreá e polo tanto, o partido clave pode que sexa ese. Vexo importante destacar que non hai un partido clave xa que si queres estar arriba tes que gañar sempre domingo tras domingo e demostrar o que queres gañar.

E o momento máis gratificante do club?

Neste club poderíache dicir uns cuantos porque tiven a sorte como futbolista de estar en todos os ascensos do club. E, como adestrador, xa é o segundo en dúas etapas distintas. Na primeira xa fai 8 anos e nesta segunda etapa xa conseguimos o ascenso no ano 2019 a segunda rexional. Agora estamos pelexando por máis. Persoalmente eu quedaríame co segundo ascenso no ano 2001-2002 que coincidimos toda a xeración da vila. Ninguén apostaba por nós e conseguimos ascender. Ese ano fora fantástico polos logros, as celebracións, éramos todos novos, da mesma idade. Recordo tres xuntanzas de celebración que foron espectaculares e maravillosas.

“En canto ao ascenso temos que ser ambiciosos. Temos equipo para selo e estrutura para conseguilo”

Que obxectivos teñen?

O obxectivo claro é estar o máis arriba posible. Non nos vamos a enganar queremos ascender. Non sei si será este ano, o que ven ou cando pero nese sentido temos que ser ambiciosos, temos equipo para selo e estrutura para conseguilo. Xa sabes como é isto, despois darase ou non se dará pero a idea é quedar máis arriba posible.

Que é o que os define ou diferencia doutros clubs?

O que nos define como club é que somos un club de vila no que todos os venres ao acabar o adestramento ceamos todos xuntos, isto asúmeo o club é dicir, cea gratis todos os venres. Pero o mellor de todo é que cada venres é nun local distinto da vila o cal axuda a xerar ambiente, fútbol, xente no noso contorno e no noso núcleo máis achegado. Sempre a finais de ano facemos un viaxiño todos xuntos con autobús, hotel, comidas, todo pagado polo club. Por iso dicía que temos unha directiva moi potente que está traballando moito para dar satisfaccións e facilidades



Arriba, Rubén Bergantiños e, abaixo, a celebración do equipo

aos xogadores. Isto é unha das cousas que fai máis fácil fichar aos xogadores agora que fai tres anos.

Como chegache a ser o adestrador do Paradela?

A título persoal levo moitos anos, diría que toda a vida ligada ao fútbol. É unha paixón e calquera que sexa coma min vai entender á perfección o que significa pasar frío, choiva ou neve para adestrar. Empecei a xogar no Paradela con 17 anos, non fixen base. Foi cando se conseguiu o ascenso a primeira rexional e despois tiven varias etapas, estiven un par de anos en Brollón, volvíno ao Paradela outros 4-5 anos, despois estiven varios anos na Sarriana en Sarria e despois si que estiven en Paradela ata a miña retirada. Retireime novo do que é o fútbol tería uns 30 anos daquela pero tiña claro que quería seguir ligado a este deporte. De feito, pasei de ser futbolista a ser adestrador nese mesmo ano. Daquela non facía falta ter carne e adestraba a antiga usanza co que eu tiña na cabeza e o que eu

visualizaba. Ninguén me ensinou nada pero aos que nos gusta o fútbol todos temos algo na cabeza que podemos sacar. Despois acabou esa etapa e fíchei polo Santa Comba como adestrador e aí xa me formei, saquei os carnés e cando houbo cambio de directiva fai tres tempadas no Paradela, propuxéronme volver e dixen que si sen pensalo. A quen non lle gusta estar na súa casa ca súa xente e intentar facer as cousas ben e, como adestrador estou encantado, teño todas as facilidades, como club pódennos moi moi fácil teño un grupo de moitos xogadores e sobre todo un grupo sanísimo de persoas que é o máis importante. Gracias a eso xa se deu o ascenso na primeira tempada que chegamos. Seguimos moi moi ilusionados por levar este nome e o escudo o máis arriba posible e non vamos ceder no empeño. Tanto eu coma os meus compañeiros estamos sempre batallando buscando ideas e cousas que nos axuden a mellorar.

MAESTRO IMAN
CHAMÁN AFRICANO
ALTA EXPERIENCIA
 Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...
SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido
651 44 11 86

O Torneo de Seleccións Territoriais de Balonmán remata con éxito

O Torneo de balonmán Sarria-Láncara tivo lugar no Pavillón de Pobra de San Xillao e no Pavillón de Sarria os pasados días 5 e 6 de decembro. Aquí enfrontáronse as seleccións galegas coas de Asturias.

O día 5 celebráronse diversos partidos entre os que se encontrada o da selección galega cadete feminina que venceu de forma clara e facendo un bo xogo a Asturias (43-20). Non tivo a mesma sorte a selección galega infantil feminina, que non puido con Asturias. As rapazas dirixidas por Ana Alonso caeron (31-21). Para rematar a xornada no Torneo Galicia sumou outra vitoria por parte da selección galega xuvenil masculina cun resultado final de 30-25.

O luns día 6 de decembro seguiu a celebración do Torneo de Seleccións Territoriais Galicia-Asturias. No primeiro partido, a selección galega infantil masculina caeu pola mínima cun marcador de 29-30. A mesma sorte correu o equipo cadete que novamente perdeu por un gol contra o equipo asturiano da mesma categoría (31-32). Para poñer fin a este campionato, a selección galega xuvenil feminina acadou o éxito tras un partido moi axustado que rematou con empate no marcador. O triunfo chegou despois de xogar os penaltis cun marcador final de 35-32. Estes partidos serviron como adestramento e preparación cara ao CESA 2022 que se celebrará a comezos de ano.

Este mesmo tipo de competición amistosa realizouse en Burela co fútbol sala.



Os distintos equipos participantes no torneo de Sarria

O estadio da Ribela ten novo alumeado

Sarria segue a mellorar as condicións do campo de fútbol para que a experiencia dos xogadores no campo sea inmejorable.

É por iso, que decidiu mudar as luces que iluminaban o campo por unha nova iluminación totalmente

Led con especificacións para instalacións deportivas favorecendo unha mellora na experiencia.

A nova iluminación, permitirá gozar aos deportistas sarriaos dunhas instalacións máis seguras e cómodas.

O CB Sarria recolle xoguetes e libros na súa campaña de Nadal

O CB Sarria organiza xunto ao servizo de conciliación do Concello unha campaña solidaria de Nadal, que arrincou o 9 de decembro.


Esta campaña encárgase de recoller libros, contos, tebeos, películas, música, xoguetes que non se usen para destinalos aos nenos e nenas máis necesitados da contorna. Non se recollen alimentos.

As doazóns depositaranse detrás do

mostrador do vestíbulo do pavillón. Estas deberán ir en caixas pechadas, bolsas ou outros envoltorios.

Esta campaña está dirixida aos xogadores, adestradores, familias, directivos e colaboradores do CB Sarria aínda que se aceptan doazóns de todas aquelas persoas que queiran participar.

A recollida durará ata os primeiros días de xaneiro do 2022.



CAMPO DO CARBOEIRO. O alumnado do obradoiro dual de emprego Bóveda, O Incio e A Pobra do Brollón fai traballos de acondicionamento do campo de fútbol do Carboeiro, para mellorar as condicións do campo.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INCIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Ponte
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Cova Eirós, onde habitaron os neandertais

A Cova Eirós é unha cova prehistórica situada no lugar de Cancelo, pertencente ao concello de Triacastela. Contén un importante xacemento arqueolóxico do Paleolítico Medio que conta con máis de 35000 anos de antigüidade. Neste lugar atopáronse restos do Homo neanderthalensis e Homo Sapiens. Foron identificados un total de 13 paneis con arte rupestre obtendo 93 motivos ademais da recuperación de máis de dez mil rexistros e pezas que converteron a Cova Eirós nun dos xacementos de referencia para o estudo da evolución dos modos de vida, da tecnoloxía, da fauna e das condicións paleoclimáticas das comunidades de cazadores e recolectores que viviron en Galicia fai 40.000 anos.

A entrada á cavidade está localizada na ladeira do Monte Penedo, na Serra de Ouribio, a 780 metros de altura. O sistema cárstico da Cova desenvólvese en calcarias da Serie de Cándana, formadas durante o Cámbrico inferior. A cavidade ten unha lonxitude de 104 metros,

cunha boca de entrada de 2 metros de altura e 3,5 metros de anchura na actualidade. Esta entrada estreítase despois dos sete primeiros metros de recorrido, dando paso a unha gateira de case 15 metros de lonxitude. Tras esta, accédese á Sala Principal ou do Mamut.

SECUENCIA ESTRATIGRÁFICA. A secuencia estratigráfica descrita no xacemento pódese estruturar no nivel superficial que é terra orgánica moi solta e fortemente bioturbada. Esta presenta restos da calcaria froito dos desprendementos do teito. Neste nivel identificouse un empedrado perimetral que delimita o espazo de dous silos medievais. O nivel B da cova sería de matriz limosa de cor amarelo esbrancuxado, compacto e onde se encontran gravas angulosas de calcaria. Na parte inferior deste nivel identifícase unha capa de sedimento moi orgánico de cor escuro. Nesta capa recuperouse moito material arqueolóxico. E o nivel C que é de matriz arxilosa moi



Un grupo de arqueólogos traballando no interior da cova

compacta na que aparecen gravas e clastos. Cunha marcada pendente sur que segue a topografía do talude. Interpretase como un removido dos niveis do interior da cova.

Os niveis interiores poden clasificarse en catro diferentes. O nivel 1 está

composto por áreas finas amarelas, pouco compactas e con estratificación laminar subhorizontal na parte superior e áreas de cor alaranxado, máis compacta e con estratificación paralela horizontal na inferior. O nivel 2 é franco-arxiloso de cor alaranxado e máis compacto que o nivel anterior. O nivel 3 está formado por arxilas de cor marrón con pequenas gravas de calcarias. Este nivel presenta unha maior compactación e homoxeneidade que o nivel supraxacente. O nivel 4 está integrado por arxilas e áreas finas amarelas fortemente carbonatadas con gravas subredondeadas de calcaria e esquisto. Este é o nivel actual de escavación.

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS. Foi na década dos 80 cando a Universidade de A Coruña realizou diferentes escavacións que deron como resultado a recuperación de preto de 4.000 osos pertencentes a 43 individuos. Isto converteu este lugar

como un dos xacementos máis importantes da Península Ibérica. Esta cova conserva a única secuencia do noroeste da península Ibérica onde se pode estudar a transición entre os últimos neandertais e os primeiros humanos modernos.

O interese do xacemento conta con manifestacións da arte parietal paleolítico que foron descubertas no seu interior, isto converte a estación na cova con arte parietal máis occidental da Rexión Cantábrica e a única en Galicia. Este patrimonio está en risco de destrución debido á explotación mineira.

Non foi ata o 20 de agosto deste ano que esta cova se converteu en Ben de Interese Cultural dende o 12 de xullo cando a Deputación de Lugo solicitou esta declaración á Xunta de Galicia.

En Cancelo tamén se atopa a Igrexa de San Cristovo de Cancelo que conta con pinturas do século XVI. As pinturas representan a Última Cea e varios pasaxes da Paixón de Cristo.



Vista do interior da cova



**LINER ARMADO RENOLIT
ALKORPLAN PARA PISCINAS**
Pida presuposto sen compromiso



**Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC
e láminas asfálticas, de aplicación en:**
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns

FACEMOS DEPÓSITOS PARA REGADÍO E PARA AUGA POTABLE